Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia

Versión de '17-12-2010' a '28-03-2012'

Exposición de motivos

Conforme o artigo 30º.1.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, correspóndelle a esta Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia, nos termos do disposto nos artigos 38º, 131º e 149º.1.11 e 13 da Constitución española.

No tocante a atender as necesidades propias e específicas do sector comercial galego, a Comunidade Autónoma de Galicia considera conveniente actualizar o marco normativo regulador da actividade comercial co fin de acadar a modernización, a mellora e o desenvolvemento do sector.

En efecto, logo de transcorrer máis de vinte anos desde a aprobación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, urxe afrontar unha nova regulación desta materia acorde coas necesidades actuais do noso comercio, á vista dos múltiples cambios que este ten experimentado durante estas últimas dúas décadas -principalmente por mor da aparición de novos formatos comerciais e de novas modalidades de venda-, que sitúan a nosa estrutura comercial cunha dotación de equipamento comercial moi diferente á daquel momento.

Por outra banda, a aprobación da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior da Unión Europea, supuxo unha transformación dos mecanismos legais que rexen o mercado interior, coa finalidade de garantir que tanto os provedores coma os destinatarios dos servizos se beneficien das liberdades fundamentais que consagran os artigos 49º e 56º do Tratado de funcionamento da Unión Europea: a liberdade de establecemento e a liberdade de prestación de servizos.

Por isto, a directiva estableceu o principio de simplificación administrativa, a eliminación dos obstáculos nas actividades de servizos e a promoción, por unha parte, da confianza recíproca entre os estados membros da Unión Europea e, por outra, a confianza das persoas provedoras e das consumidoras no mercado interior.

Con data do 22 de decembro de 2009 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 7/2009, de modificación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de comercio interior de Galicia, co obxectivo de traspoñer parcialmente os mandatos da directiva.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Non obstante, o carácter parcial da modificación e a necesidade de afrontar unha actualización integral da normativa comercial esixen a aprobación dunha nova Lei de comercio que dea resposta ás novas realidades xurdidas nos últimos tempos, así como ás necesidades das persoas comerciantes, garantindo a debida protección das persoas consumidoras e usuarias.

Nesta conxuntura, faise así imprescindible unha nova lexislación que garanta un futuro desenvolvemento comercial en termos non agresivos para o necesario equilibrio territorial e que resulte non lesiva para a estrutura comercial existente.

Neste sentido, esta lei xorde co obxecto de acadar unha verdadeira vertebración do sector, coa introdución das medidas axeitadas para a súa consolidación e mellora e, sobre todo, dirixidas a ordenar e equilibrar o comercio interior de Galicia, conforme as súas necesidades e características específicas.

Ao longo da historia, o comercio representou e segue a representar un elemento conformador dos nosos contornos urbanos, que busca o necesario equilibrio entre todos os formatos comerciais. Por isto, cómpre ordenar a actividade comercial tanto no casco urbano coma na periferia, buscando a adaptación da dotación comercial á necesaria ordenación territorial, preservando e fortalecendo o sistema urbano tradicional das nosas vilas e cidades e mais protexendo o medio ambiente.

Por outro lado, os principios que deben presidir os nosos mercados, como o da necesaria transparencia, a defensa da competencia e a adecuada protección das persoas consumidoras, están presentes en toda a regulamentación comercial contida neste texto legal.

En definitiva, todos os aspectos sinalados redundan na necesidade dunha nova normativa clara e precisa pola que se deben rexer os operadores do sector, respectuosa, ao mesmo tempo, cos intereses e coas necesidades das persoas consumidoras e usuarias, que sirva de canle para unha axeitada coordinación e cooperación entre as distintas administracións públicas con competencias en materia de comercio e que remate coa actual dispersión normativa.

A lei estrutúrase en oito títulos -divididos en capítulos- integrados por cento dezasete artigos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e seis disposicións derradeiras.

Entrando na análise da estrutura anteriormente exposta da lei, o título I contén disposicións de carácter xeral, comezando, nos seus dous primeiros capítulos, por definir o seu obxecto e ámbito de aplicación -con expresión daquelas actividades que quedan excluídas-, así como a distinción entre as diversas clases de actividade comercial. Así mesmo, explicítanse cales son os principios informadores ou reitores de todo o texto legal, entre os que se sinala o desenvolvemento equilibrado e sustentable das actividades comerciais no ámbito de Galicia, a modernización do tecido comercial galego, o fomento do asociacionismo, o respecto dos dereitos e intereses das persoas consumidoras e a adaptación da dotación comercial á necesaria ordenación territorial e urbanística.

Neste título tamén se tratan as condicións xerais para o exercicio da actividade comercial, así como aqueles aspectos que son obxecto de ordenación administrativa. En concreto, sinálase

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

que a ordenación administrativa da actividade comercial terá por obxecto o réxime de horarios comerciais, a autorización comercial previa daqueles establecementos cuxa implantación teña unha incidencia supramunicipal polas súas repercusións urbanísticas, medioambientais e territoriais, o réxime de determinadas actividades promocionais e vendas especiais e mais a inspección, información e vixilancia sobre a actividade e os establecementos comerciais de Galicia. Así mesmo, recóllese que a política comercial terá como obxecto a modernización e a racionalización do sector obedecendo a razóns de interese xeral.

Por outra banda, e para os meros efectos estatísticos, créase o Rexistro Galego de Comercio, adscrito á dirección xeral competente en materia de comercio, co propósito de contar cun censo actualizado dos establecementos e das asociacións comerciais de Galicia que permita un maior acerto na toma de decisións. Polo tanto, o Rexistro Galego de Comercio é necesario para os efectos de contar cos datos estatísticos precisos que permitan a adopción de decisións acertadas por parte da administración, non discriminatorio, posto que se aplica por igual a todos os establecementos comerciais situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e proporcional, non existindo outro instrumento máis axeitado que permita acadar o obxectivo estatístico proposto. Por outro lado, o rexistro terá un efecto de simplificación administrativa, evitándolles aos establecementos, nas súas relacións coa administración, acreditar datos que xa consten no rexistro.

Regúlanse, así mesmo, no capítulo III deste título materias de relevancia para o comercio, como as condicións da oferta e o réxime dos prezos dos produtos e a garantía e a custodia dos artigos, co fin de lles prestar unha adecuada protección ás persoas consumidoras e para maior seguranza no sector, así como para introducir criterios de maior transparencia nos mercados, que redundará tamén nunha maior garantía para a defensa da competencia. Todo isto, dentro dos límites constitucionais e estatutarios que configuran as competencias na materia, así como dentro do marco que establecen as correspondentes directivas europeas aplicables.

O capítulo V deste título I está dedicado á regulación do Observatorio do Comercio de Galicia como órgano consultivo, asesor, de participación, de estudo e formación en materia de comercio. Á vista do gran dinamismo do sector comercial e do carácter eminentemente técnico desta materia, resulta moi necesario contar con recursos materiais e humanos que permitan unha adecuada formación e información, tanto para a propia Administración pública galega coma para o propio tecido comercial.

Adscrito ao Observatorio do Comercio de Galicia créase o Consello Galego de Comercio, que, con carácter consultivo, se configura como un órgano colexiado de participación, asesoramento e colaboración coa Administración pública galega na ordenación da actividade comercial, e será o instrumento que garantirá e defenderá os intereses xerais que terán que presidir a acción administrativa en materia de política comercial, os proxectos normativos de ordenación do comercio e da actividade comercial e, en xeral, calquera proxecto da Administración pública galega destinado ao fomento e á mellora do tecido comercial. Para os efectos de emitir os informes que se soliciten en relación coa autorización previa comercial, o Consello Galego de Comercio constituirase en Comisión Consultiva, da que non formarán parte os axentes económicos do consello.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Finalmente, créase en cada concello a Mesa Local de Comercio, que actuará como órgano colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre as distintas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e os distintos axentes comerciais.

O título II regula os establecementos comerciais establecendo o seu concepto e a súa clasificación. Así, defínese de forma clara e precisa o que se entende legalmente por establecemento comercial, as súas clases -introdúcese o concepto de «establecemento colectivo» e de «centro comercial aberto»- e a súa variada tipoloxía, así como outros conceptos básicos, como o de «superficie de venda e exposición ao público».

Abórdase o réxime legal dos establecementos comerciais, especialmente no que se refire aos requisitos para a súa apertura, sinalando a necesidade de que o planeamento xeral de ordenación municipal ordene os usos comerciais do solo do respectivo concello garantindo unha protección dos contornos urbanos que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación aos establecementos comerciais e protexendo o medio ambiente, o patrimonio e a paisaxe do territorio.

A lei mantén en liñas xerais o réxime de autorización comercial autonómica introducido pola Lei 7/2009, do 22 de decembro, de modificación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, concretando aspectos como o concepto de superficie útil de exposición e venda ou o concepto de incidencia supramunicipal, identificado, segundo reiterada doutrina, con aqueles establecementos que teñan unha superficie útil de exposición e venda de máis de 2.500 metros cadrados.

A devandita autorización comercial autonómica xustifícase así na necesidade de protección dos contornos urbanos históricos, evitando o proceso de despoboamento dos núcleos urbanos, na protección do medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico de Galicia e mais na mellora da calidade de vida das persoas. A autorización autonómica só será outorgada naqueles supostos que garantan de xeito absoluto a adopción de medidas para a protección do medio ambiente, de conservación do patrimonio histórico-artístico de Galicia e de mellora da calidade de vida das persoas.

O réxime establecido respecta a autonomía local constitucionalmente garantida, limitando a intervención autonómica a supostos de incidencia supramunicipal e garantindo a proporcionalidade e a non discriminación entre empresas, con independencia da súa nacionalidade, procedencia, características ou formato. Por isto, introdúcese como novidade, con respecto ao réxime anterior, a distinción entre establecemento comercial individual ou colectivo, suxeitando ambos os formatos ao mesmo sistema de autorización.

Por outra banda, sinálanse os criterios técnicos e obxectivos de interese xeral que servirán de base para a análise e a concesión, de ser o caso, da correspondente autorización comercial autonómica.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O título III desta lei refírese á regulación dos horarios comerciais, remitíndonos á lei específica da Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia; refírese, polo tanto, á Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

O título IV regula as actividades comerciais de promoción de vendas, procedendo á súa definición e clasificación. Concretamente, a lei considera actividades comerciais de promoción de vendas as vendas en rebaixas, as vendas de saldos, as vendas en liquidación, as vendas con desconto, as vendas con obsequio e as vendas directas realizadas por fabricante ou por comerciante por xunto. O devandito título recolle unhas normas xerais aplicables a este tipo de vendas e posteriormente procede a unha delimitación e regulación exhaustiva dunhas e outras. É de salientar, en canto á duración do período de rebaixas, que este queda fixado nun mínimo dunha semana e nun máximo de dous meses, de forma continuada.

O título V establece as modalidades especiais de venda, considerándose como tales aquelas que non son realizadas nun establecemento comercial aberto ao público de maneira permanente, e, especialmente, as vendas a domicilio, as vendas a distancia, as vendas automáticas, as vendas ambulantes, as vendas en poxa pública e as vendas ocasionais. Sinálase que os comerciantes que exerzan a venda a distancia ou estean domiciliados no territorio de Galicia deberanllo comunicar á sección desta modalidade de venda do Rexistro Xeral de Comercio da dirección xeral competente en materia de comercio interior da Xunta de Galicia.

Así mesmo, regúlanse as prácticas especiais de venda. Neste sentido, convén subliñar a prohibición da venda piramidal e a venda á perda.

O título VI fai referencia á actividade comercial en réxime de franquía, establecéndose como requisito básico para aquelas persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar en territorio galego esta actividade -e teñan o seu domicilio social ou delegación ou representación en Galicia- a comunicación á sección de franqueadores e franqueadoras do Rexistro Xeral de Comercio.

O título VII remite a regulación das actividades feirais ao disposto na lexislación específica da materia, así como ao disposto no artigo 94º deste corpo legal en materia de feiras de oportunidades.

En efecto, como novidade, regúlanse neste título as chamadas «feiras de oportunidades» como aquelas de carácter multisectorial promovidas por comerciantes con establecemento fixo ou polas súas estruturas asociativas e realizadas fóra dos seus respectivos establecementos comerciais en lugares do núcleo urbano habilitados para o efecto. Terán unha duración máxima de tres días, realizándose unha ao ano, agás motivos excepcionais previamente acreditados e autorizados pola dirección xeral competente en materia de comercio. Establécese que as dúas terceiras partes dos comerciantes participantes deberán exercer a súa actividade no propio concello ou comarca, segundo o ámbito territorial da feira de oportunidades. Este precepto non supón ningún réxime discriminatorio, posto que só os comerciantes con establecemento fixo poden participar nas feiras de oportunidades, por isto a esixencia de que dous terzos pertenzan ao ámbito territorial da feira de oportunidades, non prohibindo a participación de establecementos comerciais fixos doutras localidades.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O título VIII regula a inspección e o réxime de infraccións e de sancións en materia de comercio interior e prevé a creación de prazas de inspectores de comercio, que deberán ser necesariamente cubertas por funcionarios do corpo de xestión da Xunta de Galicia.

A lei conclúe coas correspondentes disposicións transitorias, derrogatoria e derradeiras, que facultan o Goberno galego para ditar as disposicións que sexan precisas para a súa aplicación e desenvolvemento e mais para actualizar os importes das sancións nela establecidos.

O texto do anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24º da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei do comercio interior de Galicia.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.-Obxecto.

É obxecto desta lei o establecemento dun marco xurídico para o desenvolvemento da actividade comercial en Galicia coa finalidade de fomentar, ordenar administrativamente, racionalizar, modernizar e mellorar a actividade do sector.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

1. Esta lei será aplicable ás actividades comerciais realizadas por comerciantes no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Son comerciantes, para os efectos do disposto nesta lei, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizan de forma habitual e eventual actividades de mediación comercial entre a produción e o consumo no mercado.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta lei aquelas actividades comerciais que, por razón do seu obxecto ou natureza, estean sometidas a un control específico por parte dos poderes públicos ou a unha regulamentación específica, sen prexuízo da aplicación supletoria desta lei. En todo caso, quedan excluídos do seu ámbito de aplicación:

a) Os servizos de carácter financeiro, de transporte e de seguros.

b) Os servizos de aloxamento, cafetarías, bares, restaurantes e hostalaría, en xeral.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Os servizos de reparación, mantemento e asistencia técnica, sempre que non vaian asociados á venda, con carácter ordinario ou habitual.

d) O exercicio de profesións liberais e colexiadas.

e) Os servizos prestados por empresas de ocio e espectáculos, tales como cinemas, teatros, circos, ludotecas, parques infantís ou similares. O antedito non obsta á suxeición a esta lei das vendas realizadas nas súas instalacións ou anexos, sempre que estas se desenvolvan en zonas de libre acceso.

3. As entidades cooperativas ou outras formas xurídicas análogas estarán obrigadas a distinguir entre a oferta dirixida aos socios da que teña como destinatario o público en xeral, estando esta última sometida a esta lei. En todo caso, cando a oferta a ambos os destinatarios non apareza rigorosamente diferenciada, será aplicable esta lei.

Artigo 3º.-Fins e principios reitores.

Esta lei rexerase polos seguintes fins e principios:

a) A actividade comercial en Galicia desenvolverase conforme os principios que informan a planificación económica xeral do Estado, dentro dun marco de economía de mercado e libre e leal competencia, así como do respecto ás normas vixentes que regulan a competencia en Galicia, sen prexuízo das determinacións contidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan e daquelas normas que regulen a actividade comercial.

b) Un desenvolvemento equilibrado e sustentable das actividades comerciais no ámbito de Galicia.

c) O fomento do asociacionismo.

d) A modernización do tecido comercial galego.

e) O respecto dos dereitos e dos intereses das persoas consumidoras e usuarias.

f) A adaptación da dotación comercial á necesaria ordenación urbanística, coa preservación e o fortalecemento do sistema urbano tradicional das nosas vilas e cidades, co fin de asegurar unha adecuada protección dos contornos urbanos e do medio ambiente, dentro dun obxectivo de cohesión social que coadxuve na igualdade entre os cidadáns e as cidadás, que reduza a mobilidade e evite desprazamentos innecesarios.

g) A promoción da igualdade de oportunidades e a formación técnica e profesional das persoas comerciantes e traballadoras do sector comercial, así como o respecto dos dereitos laborais en xeral e das normas en materia de prevención de riscos laborais en particular. O establecemento de instrumentos que aseguren a necesaria transparencia, obxectividade e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

igualdade de oportunidades e de trato para os diversos axentes económicos; a defensa da leal competencia e das persoas consumidoras, co fin de asegurar a legalidade da actuación administrativa, así como o sometemento desta aos fins que a xustifican.

CAPÍTULO II DA ACTIVIDADE COMERCIAL

Artigo 4º.-Concepto e clases.

1. Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Actividade comercial: a realizada por comerciantes, ben por conta propia ou allea, consistente no ofrecemento ou na colocación no mercado de produtos, naturais ou elaborados, susceptibles de tránsito comercial, así como os servizos que de tal actividade deriven.

b) Actividade comercial retallista ou polo miúdo: a adquisición de produtos ou mercadorías e a súa venda ao consumidor final, incluíndo a prestación daqueles servizos derivados de tal actividade. Igualmente, posuirá este carácter a venda realizada polos artesáns respecto dos seus produtos no seu propio taller.

c) Actividade comercial por xunto: a adquisición de produtos ou mercadorías e a súa venda a outros comerciantes ou empresarios, industriais, empresarios que non constitúan consumidores finais, incluíndo a prestación daqueles servizos que deriven de tal actividade.

2. Non se modificarán as cualificacións de actividade comercial por xunto ou retallista anteriormente descritas por concorrer un eventual sometemento da mercadoría a procesos de transformación, manipulación, tratamento ou acondicionamento que sexan habituais no comercio.

Artigo 5º.-Condicións xerais para o exercicio da actividade comercial.

1. Poderán exercer a actividade comercial as persoas físicas e xurídicas que, conforme a lexislación vixente, posúan a capacidade xurídica precisa e a condición de comerciante que establece a lexislación mercantil e cumpran cos requisitos contidos nesta lei.

2. Só poderá realizarse, simultaneamente, a actividade comercial por xunto e retallista nun mesmo local se ambas as actividades son levadas a cabo en seccións diferenciadas, adecuadamente sinalizadas e rotuladas, para público e notorio coñecemento das persoas consumidoras, e con observación e cumprimento das normas aplicables, relativas a cada unha destas modalidades de distribución.

3. Para o exercicio de calquera actividade comercial son elementos necesarios:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) Acreditar, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos específicos e das garantías que sexan esixidas pola lexislación vixente, para a venda de determinados produtos ou a prestación de determinados servizos.

b) Ter cumpridas as obrigas correspondentes, de ser o caso, en materia de Seguridade Social e en materia tributaria.

c) Estar dado ou dada de alta na epígrafe ou nas epígrafes do imposto de actividades económicas que corresponda coa actividade comercial que se desenvolve.

d) Dispoñer das autorizacións, dos permisos ou das licenzas ou facer as comunicacións previas ou as declaracións responsables establecidas legalmente por calquera administración pública que teña atribuída tal competencia.

e) No caso de estranxeiros, non nacionais doutro Estado membro da Unión Europea, acreditar o cumprimento da normativa específica vixente.

4. O exercicio da actividade comercial levarase a cabo con rigoroso respecto aos dereitos lingüísticos recollidos no artigo 5º do Estatuto de autonomía para Galicia. Ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente por razón da lingua empregada. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal dos dous idiomas.

Artigo 6º.-Prohibicións e restricións ao exercicio da actividade comercial.

1. Non poderán exercer a actividade comercial as persoas físicas e xurídicas ás que lles estea especificamente prohibido pola normativa vixente.

2. Prohíbese expresamente a exposición e a venda de mercadorías á persoa consumidora cando estas proveñan de persoas físicas e xurídicas cuxa actividade sexa distinta á comercial. A devandita prohibición seralles especialmente aplicable a aquelas entidades que, como consecuencia da actividade que lles é propia, teñan como finalidade principal a realización de préstamos, depósitos ou operacións de análoga natureza, adheridas á oferta comercial da mercadoría, de tal forma que unha non se poida facer efectiva sen a outra.

En todo caso, presumirase a existencia destas actuacións no suposto de que a persoa consumidora poida realizar pedidos ou adquirir mercadorías nos establecementos daquelas.

3. A infracción ao disposto na alínea anterior será sancionable consonte o establecido nesta lei, con independencia das responsabilidades derivadas, de ser o caso, da respectiva lexislación especial e sen prexuízo da improcedencia de que un mesmo feito sexa obxecto dunha dobre sanción administrativa.

Artigo 7º.-Ordenación administrativa da actividade comercial.

1. A ordenación administrativa da actividade comercial terá por obxecto:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) O réxime dos horarios comerciais.

b) A autorización comercial previa daqueles establecementos cuxa implantación teña unha incidencia supramunicipal polas súas repercusións urbanísticas, medioambientais e territoriais.

c) O réxime das actividades promocionais.

d) O réxime e a autorización de vendas especiais.

e) A inspección, a información e a vixilancia sobre a actividade e os establecementos comerciais de Galicia.

f) Calquera outra actividade que legalmente poida establecerse.

2. O Goberno galego, a través da consellaría competente en materia de comercio, desenvolverá unha política de reforma das estruturas comerciais encamiñada á modernización e á racionalización do sector.

Artigo 8º.-Rexistro Galego de Comercio.

1. Para os sós efectos estatísticos e co propósito de crear un censo actualizado de establecementos comerciais de Galicia, créase o Rexistro Galego de Comercio, adscrito á dirección xeral competente en materia de comercio, que ten por obxecto a inscrición dos establecementos comerciais da Comunidade Autónoma de Galicia, así como das asociacións comerciais por eles constituídas. Regulamentariamente determinaranse as seccións que integren este rexistro, así como a forma e os datos requiridos para levar a cabo a devandita inscrición.

2. O Rexistro Galego de Comercio será público e a inscrición nel é gratuíta, e considerada condición indispensable para optar a calquera das liñas de axuda convocadas pola Administración da Comunidade Autónoma ou para participar activamente nos programas específicos.

3. Para os efectos da inscrición no Rexistro Galego de Comercio, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia remitiranlle á dirección xeral competente en materia de comercio extracto dos acordos dos seus órganos de goberno relativos ás licenzas de apertura de establecementos comerciais outorgadas ou, de ser o caso, ás comunicacións previas ou declaracións de responsabilidade recibidas, así como a súa modificación.

A inscrición das asociacións de comerciantes así como a comunicación da variación dos datos existentes no rexistro realizaraas a propia asociación no prazo de tres meses a partir da súa constitución ou do feito que motive a variación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A inscrición na sección de vendedores ambulantes realizarase con carácter previo ao inicio da súa actividade, consonte o disposto no artigo 73º desta lei. A variación de datos que figuren inscritos no rexistro comunicaraa a propia persoa vendedora no prazo de tres meses, contados a partir do feito que motive a variación.

Voluntariamente, calquera comerciante poderá instar a súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio, mediante a acreditación dos correspondentes datos.

CAPÍTULO III CONDICIÓNS DA OFERTA, PREZOS E GARANTÍAS

Artigo 9º.-Condicións da oferta.

1. O exercicio da actividade comercial estará suxeito ás condicións que integren a oferta de bens no mercado e á normativa reguladora da presentación e da etiquetaxe destes. Os produtos deberán levar incorporada canta información sexa legalmente esixible e axeitada para o coñecemento destes, os riscos da súa utilización e, se for o caso, as condicións especiais para a súa adquisición.

2. As persoas comerciantes non poderán limitar a cantidade de artigos que poidan ser adquiridos por cada comprador, nin establecer prezos máis elevados ou suprimir reducións ou incentivos para as compras que superen un determinado volume. Para o caso de que non se indique expresamente, de forma visible para a persoa compradora, o número exacto de existencias que abarque a oferta, os comerciantes estarán obrigados a ofrecer un produto de iguais ou superiores características e calidades ao ofertado, durante todo o tempo que dure o período de oferta anunciado.

3. Só excepcionalmente, a administración pública competente na materia, e sempre por motivos de interese público, poderá limitar a cantidade de artigos que poden ser adquiridos por cada comprador.

Artigo 10º.-O prezo dos produtos e dos servizos.

1. O prezo dos produtos e dos servizos será o fixado libremente polas persoas oferentes, sen máis limitacións que as impostas pola lexislación vixente en materia de prezos e marxes comerciais e de protección da libre competencia.

2. En todo caso, os prezos dos produtos, así como a súa exhibición ao público, deberán cumprir o disposto na normativa ditada para a protección das persoas consumidoras e usuarias.

3. Os produtos expostos para a súa comercialización estarán marcados co seu prezo de forma inequívoca e doadamente identificable. Os prezos dos artigos expostos nos

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

escaparates resultarán visibles desde o exterior. Todos os establecementos que lles presten servizos aos usuarios exhibirán ao público de forma perfectamente visible os prezos aplicables a estes.

A consellaría competente en materia de comercio poderá establecer excepcións ou condicións especiais na información de prezos por motivos de seguranza ou derivados da natureza do produto ou servizo.

4. Nos produtos que se vendan a granel indicarase o prezo da unidade de medida. Aqueles produtos que habitualmente se vendan a granel e se presenten á venda en cantidades ou volumes preestablecidos expoñeranse á venda con indicación do prezo por unidade de medida habitual, a medida do produto e o prezo resultante.

5. O prezo de venda anunciado entenderase como o total do produto ou do servizo adquirido ao contado, incluídos todos os tributos aplicables.

6. Se na marcaxe do prezo dun produto existiren dous ou máis prezos diferentes, a persoa comerciante estará obrigada a vender ao prezo máis baixo dos exhibidos.

7. A persoa comerciante explicitará por escrito na zona de caixa de forma visible para a persoa consumidora os medios de pagamento admitidos, así como a posibilidade ou non da devolución do produto. Esta información así como o prazo para facer efectiva a posible devolución deberán figurar igualmente no tícket de compra. Para o caso de ser admitida a devolución, procederase, por opción da persoa comerciante, ao reembolso do importe ou ao outorgamento dun vale sen caducidade ou documento acreditativo da débeda sen caducidade polo importe correspondente. Esta última información tamén deberá ser explicitada por escrito de forma visible para a persoa consumidora.

8. Nas vendas a prazo, a persoa comerciante deberá, en todos os casos, incluída a publicidade, informar a persoa compradora do importe de cada prazo, do número deles, da periodicidade dos pagamentos e do prezo total resultante. Nos supostos en que o referido anteriormente implique a concertación dun crédito, o tipo de xuro aplicado expresarase de acordo co disposto na lexislación correspondente.

9. En todos aqueles casos nos que a entrega total ou parcial de produtos ou a prestación de servizos complementarios sexa diferida a un momento posterior ao estipulado no contrato, a persoa comerciante deberá estender factura ou documento substitutivo, e fará constar as prestacións endebedadas e a parte do prezo que recibise.

10. Naqueles supostos nos que a venda dun produto se ofreza á persoa compradora ou usuaria a través dunha técnica calquera de comunicación a distancia e dentro dun sistema de contratación a distancia organizado pola persoa vendedora, a información deberá incluír, alén do prezo, incluídos todos os impostos, o importe dos gastos de entrega e de transporte e dos posibles gastos de devolución, se for o caso. Así mesmo, informarase a persoa usuaria da forma de pagamento e do sistema de reembolso.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Os prezos anunciados serán esixibles polas persoas usuarias aínda cando non se correspondan cos que figuren no contrato subscrito ou na factura ou o comprobante recibidos, e non poderá ser aplicado un prezo superior ao anunciado.

11. A regulamentación contida nas alíneas anteriores entenderase sen prexuízo do establecido respecto das actividades de promoción de vendas do título IV desta lei.

Artigo 11º.-Dereito de desistimento.

1. Cando no exercicio dun dereito previamente recoñecido se proceda á devolución dun produto, a persoa compradora non terá a obriga de indemnizar a persoa vendedora polo desgaste ou a deterioración del debido exclusivamente á súa proba para tomar unha decisión sobre a súa adquisición definitiva sen alterar as condicións do produto no momento da entrega. Prohíbeselle á persoa vendedora exixir anticipo de pagamento ou prestación de garantías, incluso a aceptación de efectos que garantan un eventual resarcimento no seu favor para o caso de que se devolva a mercadoría.

2. De non se ter fixado o prazo dentro do cal a persoa compradora poderá desistir do contrato, aquel será de sete días naturais.

3. Nos supostos de desistimento da persoa compradora e correspondente devolución do produto procederase, por opción da persoa comerciante anunciada previamente nos termos da alínea 7 do artigo 10º desta lei, ao reembolso do importe ou ao outorgamento dun vale sen caducidade ou documento acreditativo da débeda sen caducidade polo importe correspondente.

Artigo 12º.-Vendas á perda.

1. Prohíbese a venda á perda, agás nos seguintes supostos:

a) Que quen a realice teña por obxecto acadar os prezos dunha ou varias persoas competidoras con capacidade para afectaren significativamente as súas vendas.

b) Que se trate de produtos perecedoiros en datas próximas á súa inutilización.

c) Que se realice no marco dunha venda de saldos ou dunha venda en liquidación reguladas nos capítulos III e IV do título IV desta lei.

2. Para os efectos do disposto na alínea 1 deste artigo, considérase que existe venda á perda cando o prezo aplicado a un produto sexa inferior ao de adquisición segundo a factura, deducida a parte proporcional dos descontos que figuren nesta, ou ao de reposición se este é inferior a aquel ou ao custo efectivo de produción, de ser o artigo fabricado pola propia persoa comerciante, incrementados nas cotas dos impostos indirectos que graven a operación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

As facturas entenderanse aceptadas en todos os seus termos e recoñecidas polos seus destinatarios e destinatarias, cando non fosen motivo de obxección no prazo dos vinte e cinco días seguintes á súa remisión. No suposto de non seren conformes, dispone sobre a anterior dun prazo adicional de dez días para a súa reparación e nova remisión da correspondente factura rectificada. Para os efectos do establecido neste artigo non se terán en conta as modificacións contidas en facturas rectificativas emitidas con data posterior aos prazos indicados.

3. Para os efectos da dedución no prezo á que se refire a alínea anterior, non se computarán as retribucións ou as bonificacións de calquera tipo que signifiquen compensación polos servizos prestados.

4. Non se poderán utilizar en ningún caso as ofertas conxuntas ou os obsequios ás persoas compradoras para evitar o disposto neste artigo.

Artigo 13º.-Garantía e custodia dos artigos.

1. As persoas comerciantes responderán da calidade dos artigos vendidos na forma determinada na lexislación civil e mercantil vixente, así como consonte a normativa aplicable para a defensa das persoas consumidoras e usuarias.

2. Os establecementos que reciban en custodia artigos para a súa reparación deberán entregar recibo escrito destes, onde conste, cando menos, con precisión e clareza, a identificación da mercadoría, o estado no que se entrega e a reparación que se solicita, con orzamento do máis detallado e exacto posible, así como o nome, o número de identificación fiscal, o domicilio e o teléfono do establecemento e da persoa propietaria do artigo.

3. En todo caso, e respecto das materias ás que se refiren as alíneas anteriores, aplicarase a normativa vixente para a defensa das persoas consumidoras e usuarias.

CAPÍTULO IV ADQUISICIÓNS DAS PERSOAS COMERCIANTES

Artigo 14º.-Réxime xeral.

O réxime xurídico das adquisicións de toda clase de produtos efectuadas polas persoas comerciantes suxeitarase ao disposto na lexislación civil e mercantil coas especialidades contidas no artigo seguinte.

Artigo 15º.-Pagamentos ás persoas provedoras.

1. Á falta de prazo expreso, entenderase que as persoas comerciantes deben efectuar o pagamento do prezo das mercadorías que compren antes de trinta días a partir da data da súa entrega.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. As persoas comerciantes ás que se lles efectúen as correspondentes entregas quedarán obrigadas a documentar, no mesmo acto, a operación de entrega e recepción con mención expresa da súa data.

Do mesmo xeito, as persoas provedoras deberán indicar na súa factura o día do calendario no que se debe producir o pagamento.

Se todas ou algunha das mercadorías estiveren afectadas por unha cláusula de reserva de dominio, a factura expresará así mesmo esta circunstancia, que deberá responder en todo caso a un acordo entre a persoa provedora e a comerciante documentado con anterioridade á entrega.

As facturas deberanse facer chegar ás persoas comerciantes antes de que se cumpran trinta días desde a data de entrega e recepción das mercadorías.

3. Os aprazamentos de pagamento de produtos de alimentación frescos e dos perecedoiros non excederán en ningún caso de trinta días. Os aprazamentos de pagamento para os demais produtos de alimentación e gran consumo non excederán do prazo de sesenta días, agás pacto expreso no que se prevexan compensacións económicas equivalentes ao maior aprazamento e das que a persoa provedora sexa beneficiaria, sen que poida en ningún caso exceder do prazo de noventa días.

Entenderase por produtos de alimentación frescos e perecedoiros aqueles que polas súas características naturais conservan as súas calidades aptas para a comercialización e o consumo durante un prazo inferior a trinta días ou que precisan condicións de temperatura regulada de comercialización e transporte. Son produtos de gran consumo aqueles funxibles de compra habitual e repetitiva polos consumidores e que presenten alta rotación.

4. En relación cos produtos que non sexan frescos ou perecedoiros nin de alimentación e gran consumo, cando as persoas comerciantes acorden coas súas provedoras aprazamentos de pagamento que excedan dos sesenta días desde a data de entrega e recepción das mercadorías, o pagamento deberá quedar instrumentado en documento que leve aparellada acción cambiaria, con mención expresa da data de pagamento indicada na factura. No caso de aprazamentos superiores a noventa días, este documento será endosable á orde. En todo caso, o documento deberano emitir ou aceptar as persoas comerciantes dentro do prazo de trinta días, contado desde a data de recepción da mercadoría, sempre que a factura teña sido enviada. Para a concesión de aprazamentos de pagamento superiores a cento vinte días, a persoa vendedora poderá exixir que queden garantidos mediante aval bancario ou seguro de crédito ou caución.

5. En calquera caso, producirase o devengo de xuros moratorios en forma automática a partir do día seguinte ao sinalado para o pagamento ou, en defecto de pacto, a aquel no que se debese efectuar de acordo co establecido na alínea 1. Neses supostos, o tipo aplicable para determinar a contía dos xuros será o previsto no artigo 7º da Lei pola que se establecen

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, agás que as partes acordasen no contrato un tipo distinto, que non será en ningún caso inferior ao sinalado para o xuro xeral incrementado nun cincuenta por cento.

6. Para os efectos previstos neste artigo e con referencia exclusiva aos bens consumibles, entenderase como data de entrega aquela na que efectivamente se tivese producido, aínda que, inicialmente, o título da entrega fose distinto do de compravenda, sempre que as mercadorías fosen, finalmente, adquiridas pola persoa receptora.

CAPÍTULO V OBSERVATORIO DO COMERCIO DE GALICIA

Artigo 16º.-Creación e adscrición.

Créase o Observatorio do Comercio de Galicia, como un órgano asesor, consultivo, de estudo e formación en materia de comercio, adscrito á dirección xeral competente en materia de comercio, cuxa organización e funcionamento se establecerán regulamentariamente.

Artigo 17º.-Funcións

As funcións do Observatorio do Comercio de Galicia son:

1. Producir e xestionar os coñecementos propios en materia de comercio a través da análise da información recibida, da elaboración de informes e estudos propios e mais do deseño de instrumentos de observación sectorial e espacial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Elaborar plans estratéxicos para a modernización, a dinamización e o fortalecemento do tecido comercial galego.

3. Xestionar o depósito de coñecementos en materia de comercio, recompilando a información xerada por outras instancias públicas ou privadas, mediante a adecuada organización dos dispositivos de conexión e seguimento destas.

4. Difundir e divulgar o coñecemento en materia de comercio a través de actividades formativas programadas, como cursos, seminarios, mesas redondas e demais iniciativas análogas, así como da elaboración e a difusión de publicacións, tanto en soporte de papel coma electrónicas.

5. Promover a participación da sociedade na mellora e no desenvolvemento da actividade comercial en Galicia.

Artigo 18º.-Consello Galego de Comercio.

1. Para os efectos de dar cumprimento ao disposto no punto 5 do artigo anterior, créase o Consello Galego de Comercio, que, con carácter consultivo, se constitúe como un órgano

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

colexiado de participación, asesoramento e colaboración coa Administración autonómica na ordenación da actividade comercial, garantindo e defendendo os intereses xerais en materia comercial.

2. O Consello Galego de Comercio, adscrito á consellaría competente en materia de comercio a través do Observatorio do Comercio de Galicia, non participa na estrutura xerárquica da Administración autonómica, aínda que se integra nela.

Artigo 19º.-Funcións.

Serán funcións do Consello Galego de Comercio as seguintes:

a) Emitir informe sobre os proxectos normativos de ordenación do comercio e da actividade comercial.

b) Realizar os informes e as consultas sobre comercio que lle requira a consellaría competente en materia de comercio.

c) Formular propostas e suxestións que se estimen convenientes para o fomento e a mellora do tecido comercial galego.

d) Calquera outra función que, de ser o caso, se estableza regulamentariamente.

Artigo 20º.-Composición.

1. O Consello Galego de Comercio terá a seguinte composición:

a) Presidencia: a persoa titular da consellaría competente en materia de comercio.

b) Vicepresidencia primeira: a persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio.

c) Vicepresidencia segunda: a persoa elixida pola consellaría competente en materia de comercio entre as persoas expertas de recoñecido prestixio recollidas no último punto da alínea d) deste artigo. A existencia da vicepresidencia segunda do Consello Galego de Comercio será potestativa para a consellaría competente en materia de comercio.

d) Vogais:

-Catro persoas representantes da consellaría competente en materia de comercio.

-Unha persoa representante da consellaría competente en materia de ordenación do territorio.

-Unha persoa representante da consellaría competente en materia de medio ambiente.

-Dúas persoas representantes da consellaría competente en materia de traballo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

-Unha persoa representante designada polo organismo galego de defensa da competencia.

-Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

-Dúas persoas representantes das cámaras de comercio, industria e navegación, propostas polo Consello Galego de Cámaras.

-Tres persoas representantes designadas polas organizacións empresariais máis representativas do sector comercial.

-Catro persoas representantes designadas polas federacións de asociacións de comerciantes máis representativas do sector, unha delas en representación dos centros comerciais abertos.

-Dúas persoas representantes designadas polas asociacións de grandes distribuidores e medianos formatos comerciais máis representativas do sector.

-Tres persoas representantes designadas polas centrais sindicais con maior representación en Galicia.

-Dúas persoas representantes designadas polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

-Unha persoa representante designada polo sistema universitario de Galicia, de entre especialistas en materia de comercio.

-Dúas persoas expertas de recoñecido prestixio designadas libremente pola persoa titular da consellaría competente en materia de comercio, que terán voz e voto.

e) Secretaría: unha persoa funcionaria da dirección xeral competente en materia de comercio, que actuará como tal con voz pero sen voto.

2. As persoas vogais do Consello Galego de Comercio que non o sexan por razón do seu cargo serán nomeadas pola persoa titular da consellaría competente en materia de comercio, por proposta dos órganos, das entidades ou das organizacións aos que se refire a alínea anterior. Esta proposta deberase realizar por escrito, no prazo dun mes a partir da recepción do requirimento que a citada consellaría efectúe para tal efecto.

3. Para os efectos de emitir os informes que se soliciten en relación co disposto no título II desta lei, o Consello Galego de Comercio constituirase en Comisión Consultiva, da que formarán parte, ademais das persoas que ocupen a súa presidencia e vicepresidencia, os seguintes membros:

-Dúas persoas representantes da consellaría competente en materia de comercio.

-Unha persoa representante da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e medio ambiente.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

-Unha persoa representante da consellaría competente en materia de traballo.

-Unha persoa representante designada polo organismo galego de defensa da competencia.

-Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

-Unha persoa representante designada polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

-Dúas persoas expertas de recoñecido prestixio designadas libremente pola persoa titular da consellaría competente en materia de comercio, que terán voz pero non voto.

-Secretaría: unha persoa funcionaria da dirección xeral competente en materia de comercio, que actuará como tal con voz pero sen voto.

4. A composición e a organización do Consello Galego de Comercio e da Comisión Consultiva en materia de comercio rexeranse polo principio de equilibrio e tratarán de garantir unha representación proporcionada entre homes e mulleres.

5. Regulamentariamente establecerase o réxime de funcionamento e de organización do Consello Galego de Comercio.

Artigo 21º.-Mesa Local de Comercio.

1. En cada concello existirá unha Mesa Local do Comercio, que actuará como órgano colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a Administración local e os axentes representativos do sector comercial.

A correspondente deputación provincial asumirá as funcións da Administración local na Mesa Local do Comercio naqueles concellos que non conten cun número mínimo de vinte comercios retallistas ou cando non existan asociacións de comerciantes.

2. Formarán parte da Mesa Local do Comercio unha persoa representante de cada unha das asociacións locais de persoas comerciantes e de persoas consumidoras existentes no respectivo concello e igual número de representantes da Administración local, así como unha persoa representante da Administración autonómica, esta última con carácter voluntario. Exercerá a secretaría a persoa designada para o efecto pola Administración local, que asistirá a Mesa Local do Comercio con voz pero sen voto.

Poderán formar parte das mesas locais das grandes cidades de Galicia, ademais das persoas anteriores, unha persoa representante das federacións de asociacións de comerciantes máis representantivas da correspondente provincia e unha persoa representante da cámara oficial de comercio da correspondente demarcación. Neste suposto, incrementarase o número de representantes da Administración local ata igualar o número de representantes do sector comercial presentes na correspondente mesa local.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. A Mesa Local do Comercio reunirase como mínimo unha vez ao ano, correspondéndolle a súa convocatoria ao respectivo concello. Transcorrido un ano sen ter sido convocada a Mesa Local do Comercio, esta poderá ser convocada pola Administración autonómica.

TÍTULO II DA ORDENACIÓN COMERCIAL

CAPÍTULO I ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS

Artigo 22º.-Concepto xeral de establecemento comercial.

1. A actividade comercial definida no artigo 4º desta lei deberase exercer en establecemento comercial, agás as excepcións previstas nos capítulos II, III, IV e V do título V e mais no título VII desta lei.

2. Considéranse establecementos comerciais os locais e as construcións ou as instalacións de carácter fixo e permanente, cubertos ou sen cubrir, interiores ou exteriores a unha edificación, con ou sen escaparates, destinados ao exercicio regular de actividades comerciais, xa sexa de forma individual ou nun espazo colectivo, e independentemente de que se realice de forma continuada ou en días ou temporadas determinados.

Quedan incluídos na definición anterior os quioscos e, en xeral, as instalacións de calquera clase que cumpran a finalidade sinalada nela, sempre que teñan o carácter de inmobles de acordo co artigo 334º do Código civil.

Artigo 23º.-Clases de establecementos comerciais.

1. Os establecementos comerciais poderán ter carácter individual ou colectivo.

2. Son establecementos comerciais de carácter colectivo os integrados por un conxunto de establecementos comerciais individuais ou de puntos de venda diferenciados, situados nun ou varios edificios, comunicados ou non, que se proxectasen de modo conxunto con independencia de que as respectivas actividades comerciais se desenvolvan de xeito empresarialmente independente, nos que concorran tres dos seguintes elementos:

a) Acceso común desde a vía pública, de uso exclusivo ou preferente dos clientes.

b) Áreas de estacionamento comúns ou contiguas aos diferentes establecementos para uso preferente dos clientes e que non prohiban a circulación peonil entre eles.

c) Servizos comúns para os comerciantes ou para a clientela, como a xestión común de certos elementos da súa explotación; concretamente, a creación de servizos colectivos ou a realización de actividades ou campañas de comunicación, promoción e de publicidade comercial conxunta.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) Denominación ou imaxe común.

Artigo 24º.-Centros comerciais abertos.

1. Son centros comerciais abertos aquelas agrupacións de establecementos comerciais legalmente constituídas representativas do pequeno comercio ou comercio tradicional, situados nas rúas dun determinado contorno urbano delimitado e con tradición comercial, que ofrecen unha imaxe e estratexia unitaria da oferta global e se rexen por criterios de xestión integral ou de conxunto no ofrecemento de servizos comúns, na creación de servizos colectivos ou na realización de actividades, comunicacións ou campañas de promoción.

2. A Administración autonómica impulsará e potenciará a creación e o mantemento dos centros comerciais abertos colaborando coa correspondente Administración local.

Artigo 25º.-Centros de fabricantes ou outlets.

1. Para os efectos desta lei, enténdese por centros de fabricantes ou outlet:

a) O establecemento comercial individual ou colectivo dedicado de forma exclusiva e permanentemente á venda de saldos. Este tipo de establecementos non se poderá anunciar unicamente coa denominación de «outlet» senón que deberá engadir o termo «saldos».

b) O establecemento comercial individual ou colectivo dedicado de forma permanente e exclusiva á venda de excesos de produto ou de temporada. Os produtos deberán ter sido ofertados en condicións normais en establecementos comerciais carentes desta denominación.

c) A venda efectuada directamente polo fabricante ao consumidor final en establecementos comerciais individuais ou colectivos. Esta non se poderá realizar no propio recinto fabril ou en almacéns.

2. Nos supostos regulados na letra b) da alínea anterior non poderán ser ofertados produtos de fabricación da temporada en curso ata un mes despois de que rematase o período oficial de rebaixas da temporada da que se trate.

3. Aos supostos regulados na letra a) da alínea 1 deste artigo seralles aplicable o disposto no capítulo III do título IV desta lei.

4. Agás nos supostos previstos na letra c) da alínea 1 deste artigo, nos produtos ofertados no outlet deberán figurar con clareza, en cada un deles, o prezo anterior de venda en establecemento comercial ordinario xunto co prezo reducido. A devandita redución non poderá ser inferior ao trinta por cento.

CAPÍTULO II ORDENACIÓN COMERCIAL

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 26º.-Ordenación e equipamentos comerciais.

1. Enténdese por ordenación comercial o conxunto de actuacións levadas a cabo pola administración para os efectos de acadar, considerando sempre razóns imperiosas de interese xeral, a adecuada vertebración da actividade comercial, así como o desenvolvemento equilibrado e sustentable da actividade comercial compatible coa adecuada distribución e ordenación do territorio e coa protección ao medio ambiente.

2. O equipamento comercial dos municipios de Galicia está constituído polo conxunto de establecementos comerciais, tanto de carácter individual coma colectivo, situados no seu territorio.

Artigo 27º.-Uso comercial do solo.

1. Con carácter xeral, o planeamento xeral de ordenación municipal de cada concello ordenará especificamente os usos comerciais, garantindo unha axeitada protección dos contornos urbanos que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial suficiente e a protección do medio ambiente.

Nos supostos de insuficiencia das previsións dos instrumentos de ordenación urbanística, en particular, cando estea motivada pola falta de adaptación destes instrumentos á normativa urbanística e comercial en vigor, a consellaría competente en materia de comercio, logo de audiencia do concello ou dos concellos afectados, poderá impulsar plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal destinados a regularen a implantación de equipamentos comerciais, cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia, demanda social ou especiais características.

2. Para os efectos do previsto na alínea anterior, a ordenación territorial e urbanística, ao ordenar os usos comerciais, destinará solo axeitado e suficiente para atender as necesidades da poboación, prestándolle especial atención á densidade comercial, tentando acadar o equilibrio do territorio.

3. Nos sectores de solo urbanizable e nos polígonos de solo urbano non consolidado, para os que se prevexan usos residenciais, aínda cando estes usos non sexan maioritarios, os plans establecerán unha reserva mínima de edificabilidade para uso comercial acorde á establecida na normativa urbanística aplicable.

4. Para os efectos da ordenación comercial, a consellaría competente en materia de urbanismo, con ocasión do informe preceptivo que proceda ao correspondente instrumento de ordenación territorial ou urbanística, referirase expresamente ao cumprimento do disposto neste artigo.

CAPÍTULO III DA AUTORIZACIÓN COMERCIAL AUTONÓMICA

Artigo 28º.-Apertura de establecementos comerciais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención da licenza municipal de apertura ou actividade ou, de ser o caso, comunicación previa ou declaración responsable. Ademais do anterior, nos supostos previstos nesta lei, requirirase autorización comercial da Comunidade Autónoma.

2. As licenzas de apertura dos establecementos comerciais serán concedidas polos concellos, de acordo coa normativa vixente en materia de urbanismo, seguranza, salubridade e protección do medio ambiente.

3. En todo caso, as actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambientais, nin ao informe da consellaría titular da competencia en sanidade, estarán exentas da obtención da licenza municipal de apertura ou actividade, bastando para o inicio desta a presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable.

4. Suxéitanse unicamente ao deber de presentar unha comunicación previa, asinada pola persoa transmitente e a adquirente, os cambios de titularidade das licenzas de actividade ou apertura de establecementos e actividades comerciais.

5. Os datos contidos nas licenzas de apertura de establecementos comerciais ou, de ser o caso, nas comunicacións previas ou declaracións responsables recibidas serán comunicados polo respectivo concello á dirección xeral con competencia en materia de comercio para os efectos da súa inscrición no Rexistro Galego de Comercio consonte o disposto no artigo 8º desta lei.

Artigo 29º.-Actividades suxeitas á autorización comercial autonómica.

1. O sometemento á autorización comercial autonómica da instalación de establecementos comerciais ten como finalidade garantir a axeitada integración territorial do establecemento comercial a través da súa planificación urbanística e da execución previa das infraestruturas e dotacións necesarias, a súa compatibilidade desde o punto de vista da protección do medio ambiente e a accesibilidade dos cidadáns a estes equipamentos en condicións adecuadas.

Atendendo á antedita finalidade, unicamente precisará autorización comercial autonómica a instalación, a ampliación e o traslado dos establecementos comerciais individuais ou colectivos que destinándose ao comercio retallista de calquera clase de artigos teñan unha incidencia ambiental, territorial, urbanística e no sistema viario que transcenda o termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia e características.

2. Para estes efectos, enténdese que unicamente teñen incidencia supramunicipal, e polo tanto están suxeitos á autorización comercial autonómica, a instalación e o traslado dos establecementos comerciais cuxa superficie útil de exposición e venda ao público sexa igual ou superior a 2.500 metros cadrados polo impacto territorial, urbanístico, viario e medioambiental xerado. Tamén será preceptiva a citada autorización no caso de ampliacións de establecementos comerciais cando a superficie que resulte tras a ampliación sexa igual ou superior a 2.500 metros cadrados.

3. Non precisan de autorización comercial autonómica:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) Os establecementos individuais dedicados á exposición e á venda de automóbiles, de embarcacións e outros vehículos, maquinaria industrial ou agrícola, de materiais para a construción e artigos de saneamento, que requiran dun grande espazo físico.

b) Os mercados municipais e os denominados centros comerciais abertos.

4. Serán nulas de pleno dereito as licenzas municipais de edificación e uso do solo e mais de actividade outorgadas para a instalación, a ampliación ou o traslado de establecementos comerciais que precisando de autorización comercial autonómica de acordo co establecido nesta lei fosen outorgadas sen ela.

Artigo 30º.-Superficie útil de exposición e venda ao público.

1. Enténdese por superficie útil de exposición e venda ao público toda aquela superficie onde se desenvolvan actividades de vendas e de intercambio comercial.

2. En particular, enténdense incluídos entre os espazos definidos na alínea anterior os seguintes:

a) Os mostradores, os estantes, as vitrinas, os escaparates, os andeis de bandexas ou góndolas, as illas, as cámaras ou os murais accesibles ao público, destinados á presentación dos artigos, así como os probadores.

b) Os espazos de venda, exteriores e interiores.

c) As escaleiras, os corredores e calquera outro espazo destinado á permanencia e ao tránsito de persoas, precisos para o acceso aos artigos.

d) A liña das caixas rexistradoras, así como a zona entre estas e a saída, sempre que nesta se desenvolva algunha técnica de promoción comercial, directa ou indirecta.

3. Exclúense expresamente da superficie útil de exposición e venda ao público aquelas superficies destinadas ás seguintes finalidades:

a) As dependencias ou as instalacións non accesibles ao público en xeral, nas que non se desenvolva actividade comercial directa.

b) As zonas de estacionamento, sempre que nestas non se desenvolva ningunha actividade comercial.

c) As zonas destinadas permanentemente á restauración e ao desenvolvemento de actividades lúdicas.

Artigo 31º.-Solicitude da autorización comercial autonómica.

1. Para o caso dun establecemento comercial de carácter individual, a autorización comercial autonómica solicitaraa a persoa que vaia desenvolver efectivamente a actividade comercial.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. No caso dun establecemento comercial de carácter colectivo, a autorización comercial autonómica deberaa solicitar a persoa promotora. Se no establecemento comercial colectivo se integran establecementos que individualmente precisan de autorización comercial consonte o disposto no artigo 29º desta lei, estes deberán solicitar individualmente autorización comercial autonómica no suposto de non estaren incluídos no proxecto colectivo presentado pola persoa promotora.

Artigo 32º.-Procedemento para a obtención da autorización comercial autonómica e a súa valoración.

1. A autorización comercial autonómica será concedida mediante resolución da persoa titular da consellaría competente en materia de comercio con carácter previo á obtención da licenza de obra municipal, así como á obtención de calquera outra licenza ou permiso doutra entidade ou administración que sexan esixibles, de ser o caso.

2. A concesión da autorización comercial autonómica estará fundamentada nos seguintes criterios de interese xeral, cuxo cumprimento estará debidamente xustificado no proxecto:

a) A adecuación da nova implantación aos instrumentos de ordenación do territorio que, de ser o caso, resulten aplicables.

b) A viabilidade urbanística, tendo en conta a plena concordancia do establecemento proxectado coas determinacións establecidas no planeamento xeral e nos instrumentos de desenvolvemento e xestión urbanística e mais no resto de normas de competencia municipal.

c) O axeitado cumprimento da normativa reguladora en materia de accesibilidade, circulación e mobilidade contidas no proxecto e a previsión de mellora das infraestruturas que permitan a fluidez do tráfico rodado xerado pola implantación comercial no suposto de que as existentes non resulten axeitadas.

d) A dotación de, polo menos, unha praza de aparcadoiro por cada 20 metros cadrados de superficie útil de exposición e venda ao público. Así mesmo, deberase prever a reserva de prazas para persoas discapacitadas nos termos que establece a normativa vixente.

e) O establecemento de liñas de transporte colectivo que desconxestionen o tráfico rodado e permitan acceder en axeitadas condicións de regularidade e intensidade á implantación comercial cando as existentes non resulten suficientes.

f) A viabilidade e a legalidade ambiental do proxecto co cumprimento da normativa vixente en materia medioambiental, que preverá a adopción de medidas positivas de protección ambiental que reduzan a contaminación acústica, a emisión de gases de efecto invernadoiro e a produción de residuos, e a súa xestión mediante procedementos de valorización, preferentemente mediante reciclaxe e reutilización, e a utilización da auga, da enerxía, das materias primas e doutros recursos de maneira eficiente. Este criterio acreditarase do xeito establecido na letra b) da alínea 3 deste artigo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

g) O informe da consellaría competente en materia de traballo sobre o cumprimento dos criterios establecidos na letra h) desta alínea.

h) A materialización no establecemento pretendido de instalacións e medidas de conciliación da vida familiar e laboral, tales como a creación de gardarías, ludotecas ou salas de lactación. A avaliación do impacto laboral da creación ou destrución de emprego na localidade, a adopción de medidas ou compromisos para a estabilidade no emprego, o número de empregados e empregadas segundo a unidade de superficie comercial, como indicadores de mellora da calidade do servizo.

3. Logo de completar a documentación, o órgano instrutor recadará os seguintes informes:

a) Informe da consellaría competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo sobre o cumprimento dos criterios establecidos na letra a) da alínea anterior.

b) Declaración de impacto ambiental, que constituirá a acreditación do cumprimento do criterio f) da alínea anterior.

Para estes efectos, os proxectos de instalación de establecementos comerciais precisados de autorización comercial autonómica someteranse en todo caso aos trámites de avaliación de impacto ambiental. O procedemento correspondente quedará integrado no de outorgamento da autorización comercial e o órgano substantivo será a consellaría competente en materia de comercio. Durante a tramitación da avaliación de impacto enténdese suspendido o procedemento para resolver a autorización autonómica.

c) Informe da consellaría competente en materia de transporte sobre a existencia ou a suficiencia do transporte interurbano previsto no criterio e) da alínea anterior.

d) Informe do concello en cuxo termo municipal se pretenda localizar o establecemento comercial, que se deberá pronunciar sobre o cumprimento dos criterios b), c), d) e e) da alínea anterior, ademais do cumprimento de todas as normas que habilitan a apertura do establecemento.

e) Informe do organismo galego de defensa da competencia, que non poderá versar sobre aspectos económicos.

4. Transcorridos dous meses desde que se teña constancia da recepción da petición de cada informe sen que existise pronunciamento expreso para o efecto, poderanse proseguir as actuacións, presumíndose favorables. Porén, no suposto de ausencia do informe previsto na letra d), poderá ser recadada a información complementaria que resulte precisa e que conste á disposición da consellaría competente en materia de urbanismo e transporte.

5. Ao estar emitidos os anteriores informes, o expediente remitiráselle á Comisión Consultiva prevista no artigo 20º.3 desta lei para o obxecto de que efectúe a proposta de resolución. A Comisión Consultiva poderá neste trámite solicitar ampliación ou aclaracións dos informes emitidos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6. O prazo para resolver o procedemento de autorización comercial autonómica será de seis meses desde que teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación a documentación completa, incluído o xustificante de aboamento das correspondentes taxas. Transcorrido o prazo para resolver o procedemento sen que recaese resolución expresa, a solicitude entenderase estimada por silencio administrativo.

7. Regulamentariamente establecerase o procedemento de concesión da autorización comercial autonómica prevista nesta lei.

Artigo 33º.-Simplificación administrativa e integración de procedementos.

Sen prexuízo do disposto no artigo 28º desta lei, o procedemento para a obtención da autorización comercial autonómica eximirá da necesidade de obter a licenza municipal de actividade. Obtida a autorización autonómica, o concello respectivo será competente para o outorgamento da licenza urbanística.

Artigo 34º.-Vixencia da autorización comercial.

1. A vixencia da autorización comercial autonómica terá carácter indefinido.

2. Sen prexuízo do disposto na alínea anterior, a autorización concedida caducará no caso de que o proxecto de instalación do establecemento comercial autorizado non se leve a cabo no prazo dun ano, contado desde que remate o termo indicado no calendario presentado para a súa realización. Non obstante, a persoa interesada poderá solicitar, mediante escrito motivado e con anterioridade á terminación do prazo do ano citado, a prórroga deste por un período máximo de seis meses.

TÍTULO III DOS HORARIOS COMERCIAIS

CAPÍTULO ÚNICO HORARIOS COMERCIAIS

Artigo 35º.-Dos horarios comerciais.

Polo que respecta á regulación dos horarios comerciais, estes rexeranse pola lei específica da Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia.

TÍTULO IV DAS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DE VENDAS

CAPÍTULO I NORMAS XERAIS

Artigo 36º.-Concepto.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Para os efectos desta lei, enténdese por promoción de vendas aquela na que a oferta comercial efectuada pola persoa comerciante ás persoas consumidoras se realiza en condicións máis vantaxosas que as habituais co propósito de dar a coñecer un novo produto ou establecemento ou de conseguir un aumento de venda dos produtos existentes.

2. Terán a consideración de actividades de promoción de vendas as vendas en rebaixas, as vendas de saldos, as vendas en liquidación, as vendas con desconto, as vendas con obsequio e as ofertas de vendas directas.

3. Non se poderán usar as citadas denominacións ou outras semellantes para anunciar vendas que non respondan ao correspondente concepto legal ou xeren confusión con outra distinta.

4. A utilización das denominacións antes sinaladas que non se axuste á regulación respectivamente establecida para cada unha das actividades de promoción de vendas nesta lei reputarase desleal cando concorran as circunstancias previstas no artigo 5º da Lei de competencia desleal.

5. Regulamentariamente poderán desenvolverse as condicións e os requisitos aplicables ás distintas actividades comerciais de promoción de vendas fixadas nesta lei.

Artigo 37º.-Requisitos xerais.

As actividades promocionais de vendas deberanse axustar aos seguintes requisitos:

a) Os artigos non poderán ser adquiridos co fin exclusivo de seren incluídos nas promocións comerciais, agás a promoción para o lanzamento de novos produtos.

b) A persoa comerciante deberá procurar información clara, veraz e suficiente sobre o contido e as condicións das súas actividades promocionais, na que expresará, como mínimo, o período de vixencia da promoción, o tipo de promoción que realiza e, se for o caso, as regras especiais aplicables a esta.

c) Cando as actividades de promoción de vendas non comprendan, polo menos, a metade dos artigos postos á venda, entendéndose como artigo a unidade de produto individualmente comercializada, a práctica da correspondente promoción non se poderá anunciar como unha medida xeral, senón referida exclusivamente aos produtos ou grupos de produtos aos que realmente afecte.

d) Sempre que se oferten produtos a prezo reducido, deberá figurar con clareza, en cada un deles, o prezo anterior xunto co prezo reducido ou, en substitución deste último, a porcentaxe de redución aplicada, a non ser que se trate de artigos postos á venda por primeira vez, en cuxo caso non se poderá facer ningunha referencia, cuantitativa nin porcentual, que suxira algún tipo de desconto.

Entenderase por prezo anterior o que se viña aplicando sobre artigos idénticos durante un período continuado de, cando menos, trinta días no curso dos seis meses precedentes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sen prexuízo do anterior, cando se trate dunha redución porcentual dun conxunto de produtos postos á venda con anterioridade pola persoa comerciante, abondará co anuncio xenérico da devandita redución, sen necesidade de que conste individualmente en cada produto ofertado.

e) Os produtos ofertados nas actividades promocionais, excepto os saldos, deberán ter as mesmas características e someterse ás mesmas condicións contractuais que as existentes con anterioridade ao período de vixencia da actividade promocional. No caso de se ofertaren produtos a prezo normal e reducido, uns e outros deberán estar suficientemente separados ou sinalados, de xeito que non poidan confundirse ou inducir, razoablemente, a erro entre os que son obxecto dun prezo reducido e os que non. Se for o caso, distinguirase a existencia de cada unha das modalidades promocionais nun mesmo establecemento.

f) A persoa comerciante estará obrigada a admitir os mesmos medios de pagamento que acepta habitualmente no desenvolvemento da súa actividade comercial.

g) Sen prexuízo do disposto no artigo 44º.2 desta lei, as persoas comerciantes deberanlle comunicar ao departamento territorial da consellaría competente en materia de comercio, con carácter previo ao seu inicio, as actividades de promoción de vendas que pretendan levar a cabo durante o mes que preceda á data do inicio da venda en rebaixas. Esta comunicación deberá indicar as condicións aplicables á actividade promocional da que se trate, así como a súa duración e os produtos obxecto de promoción.

CAPÍTULO II VENDAS EN REBAIXAS

Artigo 38º.-Concepto.

1. Para os efectos desta lei, enténdese por vendas en rebaixas as realizadas por comerciantes en determinadas épocas do ano, xeralmente vinculadas a períodos estacionais e fin de temporada, cando os artigos obxecto destas se oferten, no mesmo establecemento no que se exerce habitualmente a actividade comercial, a un prezo inferior ao fixado antes das devanditas vendas como consecuencia do remate dunha temporada comercial.

2. Queda prohibida a utilización da denominación de venda en rebaixas en relación con artigos deteriorados, adquiridos para esta finalidade ou que non estiveren dispostos no establecemento para a venda á persoa consumidora final cun mes de antelación á data do seu inicio.

3. Os produtos obxecto de venda en rebaixas non poderán ter sido obxecto de ningunha actividade promocional de vendas no transcurso do mes que preceda á data de inicio da venda en rebaixas.

Artigo 39º.-Temporada de rebaixas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A consellaría competente en materia de comercio, logo do informe do Consello Galego de Comercio, determinará, mediante orde, os períodos ou as temporadas de rebaixas, que só poderán ser dúas ao ano cunha duración mínima dunha semana e máxima de dous meses.

Artigo 40º.-Condicións.

1. Non se poderá simultanear, nun mesmo establecemento comercial e para o mesmo tipo de produtos, a venda en rebaixas con calquera outra actividade promocional de vendas regulada neste título.

2. As datas de comezo e de remate de rebaixas, libremente elixidas polas persoas comerciantes, dentro do período legalmente establecido, indicaranse en sitio visible ao público, mesmo cando os establecementos comerciais permanezan pechados.

3. Os letreiros e as etiquetas deben exhibir, de forma ben visible, o prezo anterior e o novo prezo ou, en substitución deste último, a porcentaxe de redución.

CAPÍTULO III VENDAS DE SALDO

Artigo 41º.-Concepto.

1. Considérase venda de saldos a de produtos ou artigos cuxo valor de mercado apareza manifestamente diminuído por causa da deterioración, do desperfecto, do desuso ou da obsolescencia deles, sen que o produto teña esta consideración polo feito de ser un excedente de produción ou de temporada.

2. Non se poderá cualificar como venda de saldos a daqueles produtos cuxa venda baixo tal réxime implique risco ou engano para as persoas consumidoras, nin a daqueles produtos que non se vendan realmente por prezo inferior ao habitual.

3. Tampouco se poderá cualificar como venda de saldos aquela na que os artigos non pertencesen á persoa comerciante catro meses antes da data de comezo deste tipo de actividade comercial, coa excepción dos establecementos dedicados específica e exclusivamente ao referido sistema de venda, que serán os únicos que poderán saldar artigos alleos e artigos adquiridos especificamente coa finalidade de seren vendidos como saldos.

Artigo 42º.-Condicións.

1. As vendas de saldos deberanse anunciar necesariamente con esta denominación.

2. A venda de saldos deberase publicitar sinalando, cando menos, as circunstancias e as causas concretas que a motivan; en particular deberase facer constar, de maneira precisa e ostensible, cando se trate de artigos deteriorados ou defectuosos, co fin de seren doadamente identificables polas persoas consumidoras.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Os establecementos dedicados específica e exclusivamente á venda de saldos deberano indicar de xeito que sexa claramente visible desde o exterior do local.

CAPÍTULO IV VENDAS EN LIQUIDACIÓN

Artigo 43º.-Concepto.

1. Enténdese por venda en liquidación a venda de carácter excepcional e de finalidade extintiva de determinadas existencias de produtos que, anunciada con esa denominación, ten lugar en execución dunha decisión xudicial ou administrativa, ou é levada a cabo pola persoa comerciante ou pola adquirente por calquera título do negocio daquela nalgún dos seguintes casos:

a) Cesamento total ou parcial da actividade comercial. Para o caso de cesamento parcial terase que indicar a clase de mercadorías obxecto de liquidación.

b) Cambio de rama de comercio ou modificación substancial na orientación do negocio.

c) Cambio de local ou realización de obras de importancia neste que requiren o pechamento do local.

d) Calquera suposto de forza maior que cause grave obstáculo ao normal desenvolvemento da actividade comercial.

2. Non poderán ser obxecto deste tipo de actividade comercial aqueles artigos que non formasen parte das existencias do establecemento ou aqueles que foron adquiridos pola persoa comerciante co obxecto de os incluír na propia liquidación.

3. En todo caso, deberá cesar a venda en liquidación no caso de desaparecer a causa que a motivou ou para o caso de se liquidaren efectivamente os produtos obxecto da venda.

Artigo 44º.-Condicións.

1. As vendas en liquidación deberanse efectuar no mesmo establecemento comercial ou nos locais afectados onde os produtos fosen habitualmente obxecto de venda, agás nos casos de forza maior, de resolución xudicial ou administrativa que o impida ou cando as causas que orixinaren a devandita venda así o exixiren, e limitaranse aos artigos que formen parte das existencias do establecemento.

2. Para que poida ter lugar unha liquidación será preciso que, con quince días de antelación, se lle comunique ao departamento territorial da consellaría competente en materia de comercio, con precisión da causa que motiva a venda de liquidación, da data do seu comezo, da duración e da data de finalización. Deberase exhibir en lugar visible do establecemento comercial unha copia desta comunicación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Os anuncios de liquidación, tanto no punto de venda coma na publicidade que se leve a cabo, deberán expresar a causa desta, así como a data de comezo e a duración da liquidación.

Artigo 45º.-Duración.

1. A duración máxima da venda en liquidación será de seis meses, agás no caso de cesamento total da actividade, que será dun ano.

2. No transcurso dos tres anos seguintes ao remate dunha venda en liquidación, a persoa vendedora non poderá exercer o comercio na mesma localidade sobre produtos similares aos que fosen obxecto de liquidación, por calquera dos motivos sinalados nas letras a) e b) da alínea 1 do artigo 43º.

Tampouco poderá proceder a unha nova liquidación no mesmo establecemento, excepto cando esta última teña lugar en execución de decisión xudicial ou administrativa, por cesamento total da actividade ou por causa de forza maior.

CAPÍTULO V VENDAS CON DESCONTO

Artigo 46º.-Concepto.

1. Para os efectos desta lei, considérase venda promocional con desconto a que consiste en ofrecer, mediante calquera procedemento publicitario, incluídos os anuncios expostos no propio establecemento, unha redución sobre o prezo aplicado con anterioridade por unha persoa comerciante sobre un determinado produto ou grupo de produtos.

2. Os artigos sobre os que se aplique desconto non poderán estar deteriorados ou ser de peor calidade que os que se comercializasen con anterioridade.

Artigo 47º.-Condicións.

A actividade promocional de venda con desconto axustarase ás seguintes condicións:

a) A súa finalidade deberá consistir en potenciar a venda de determinados produtos ou no relanzamento dun establecemento que fose obxecto dunha importante remodelación física recente, o que se deberá acreditar achegando o oportuno proxecto técnico.

b) Agás no suposto dun comercio remodelado, non poderá ser obxecto deste tipo de promoción máis do corenta por cento dos artigos, entendidos como tipos de produtos comerciais, existentes no establecemento.

c) O período máximo de duración dunha venda con desconto nun establecemento remodelado será de tres meses desde a data da súa reapertura.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Cando esta actividade sexa dirixida á promoción de determinados produtos, a súa duración non poderá ser inferior a un día nin superior a trinta.

En ambos os casos, os produtos promocionados non poderán ser obxecto de novas vendas con desconto, agás nos establecementos de alimentación.

d) Todo anuncio de venda con desconto deberá especificar a súa duración e, de ser o caso, as regras que se aplicarán. Así mesmo, deberá indicar os produtos afectados, agás para o suposto de que se desenvolva este tipo de promoción nun establecemento remodelado e de se atoparen incluídos na referida promoción, cando menos, a metade dos artigos postos á venda.

CAPÍTULO VI VENDAS CON OBSEQUIO

Artigo 48º.-Concepto.

1. Considéranse vendas con obsequio aquelas que coa finalidade de promover as vendas ofertan, ben sexa de forma automática ou ben mediante a participación nun sorteo ou concurso, un premio, calquera que sexa a natureza deste.

2. Cando o incentivo consista nun sorteo, o disposto nesta lei será aplicable sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial correspondente.

3. As vendas con obsequio ou prima repútanse desleais nos supostos previstos na Lei de competencia desleal.

Artigo 49º.-Condicións.

As vendas con obsequio ou prima deberán cumprir os seguintes requisitos ou condicións:

a) Durante o período de duración da venda con obsequio queda prohibido modificar o prezo á alza, así como diminuír a calidade do produto.

b) O número de existencias coas que debe contar a persoa comerciante para afrontar a entrega dos obsequios, así como as bases polas que se rexerán os concursos, sorteos ou similares, deberán constar no envase ou envoltorio do artigo do que se trate ou, no seu defecto, estar debidamente acreditadas perante notario, e será obrigatoria a difusión das persoas gañadoras dos premios vinculados á oferta.

c) Na comunicación obrigatoria a calquera persoa de que foi agraciada cun premio deberase sinalar clara e expresamente que non se atopa condicionada á adquisición de ningún produto ou servizo. A comunicación desta circunstancia impedirá que a persoa comerciante poida exixir a adquisición dun produto ou servizo como condición para a entrega do premio.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) Os bens e os servizos nos que consistan os obxectos ou os incentivos promocionais deberánselle entregar á persoa compradora no momento da compra, ou ben nun prazo máximo de tres meses, que se contará desde que tal compradora reúna os requisitos exixidos. Todo sorteo, aposta ou concurso no que se lle exixa á persoa participante un desembolso inicial estará suxeito á lexislación vixente do xogo, agás que o sorteo ou o concurso se ofreza como obsequio coa compra de produtos.

e) Cando o ofrecemento se realice nos envases dos produtos, o dereito a obter a prima ofrecida poderase exercer, como mínimo, durante os tres meses seguintes á data de caducidade da promoción.

f) No caso de os obsequios ofrecidos formaren parte dun conxunto ou dunha colección, a empresa responsable da oferta estará obrigada a trocar calquera daqueles por outro distinto, a non ser que na oferta pública do incentivo se estableza outro procedemento para obter as diferentes pezas da colección.

g) As vendas con obsequio axustaranse ao disposto na lexislación vixente para a defensa das persoas consumidoras e usuarias e na normativa aplicable en materia de comercio.

h) Considerarase enganosa a oferta de produtos con premio ou regalo cando as persoas consumidoras non reciban real e efectivamente o que sexa de esperar de acordo coa oferta realizada.

CAPÍTULO VII OFERTA DE VENDA DIRECTA

Artigo 50º.-Concepto.

Entenderase que existe unha oferta de venda directa cando unha persoa fabricante ou comerciante por xunto ofreza os seus produtos ao consumidor ou á consumidora final invocando tal condición.

Artigo 51º.-Condicións.

1. A venda non se poderá realizar no recinto fabril ou almacén, senón que se deberá realizar nun establecemento comercial especificamente habilitado para tal fin.

2. Queda prohibido que na oferta ao público de mercadorías de calquera clase a persoa vendedora invoque a súa condición de fabricante ou de comerciante por xunto, a non ser que reúna as circunstancias seguintes:

a) Que, no primeiro caso, fabrique realmente a totalidade dos produtos postos á venda e, no segundo, realice as súas operacións de venda, fundamentalmente a comerciantes polo miúdo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Que os prezos ofertados sexan os mesmos que se lles aplican ás persoas comerciantes por xunto ou polo miúdo, segundo os casos.

TÍTULO V DAS MODALIDADES ESPECIAIS DE VENDA

CAPÍTULO I XENERALIDADES

Artigo 52º.-Concepto.

Considéranse vendas especiais aquelas non realizadas nun establecemento comercial aberto ao público de maneira permanente e, especialmente, as vendas a domicilio, as vendas a distancia, as vendas automáticas, as vendas ambulantes, as vendas en poxa pública e as vendas ocasionais.

Artigo 53º.-Requisitos dos establecementos comerciais.

As persoas comerciantes que se dediquen á realización de calquera das modalidades de venda sinaladas no artigo anterior deberán dispoñer das autorizacións ou das acreditacións, en cada caso, precisas para a súa realización, estarán obrigadas a cumprir os preceptos desta lei, así como todos os requisitos establecidos na súa normativa específica aplicables aos obxectos de venda, en particular en materia de sanidade e seguranza.

CAPÍTULO II VENDAS A DOMICILIO

Artigo 54º.-Concepto.

1. Considéranse vendas domiciliarias aquelas formas de distribución comercial exercidas por comerciantes suficientemente identificados, nas que estes toman a iniciativa de venda, propoñéndose ou concluíndose os contratos coa persoa compradora no seu domicilio particular ou lugar de traballo, no que se presentan a persoa vendedora, os empregados e as empregadas ou os representantes dela.

2. Asimilaranse ás vendas a domicilio e quedan sometidas ao seu mesmo réxime:

a) As denominadas vendas en reunións, nas que a oferta das mercadorías se efectúa mediante demostración practicada perante unha ou varias persoas, en reunión ocasionalmente organizada por unha delas no seu propio domicilio por pedimento da persoa vendedora.

b) As realizadas durante unha excursión organizada pola persoa comerciante.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Non se consideran comprendidos no devandito concepto os repartimentos a domicilio de mercadorías adquiridas en establecementos permanentes, nin as entregas a domicilio de mercadorías baseadas na existencia dun contrato de subministración entre a clientela e quen realiza o repartimento ou a súa persoa principal.

4. Non se poderán vender en ningún caso a domicilio bebidas, produtos alimenticios nin calquera outro ao que a súa normativa reguladora prohiba expresamente a súa posta no mercado mediante este sistema de venda, así como os que, pola súa forma de presentación ou por outras circunstancias, non cumpran as normas técnico-sanitarias ou de seguranza que lles sexan aplicables.

Artigo 55º.-Condicións.

1. As persoas comerciantes que exerzan este tipo de vendas terán que reunir, ademais das condicións xerais para o exercicio das actividades comerciais sinaladas no artigo 5º desta lei, todos aqueles requisitos establecidos nas regulacións específicas aplicables aos produtos obxecto de venda.

2. A publicidade da oferta, que lle deberá ser entregada á persoa consumidora, incluirá a identificación da empresa vendedora e os datos esenciais do produto, de xeito que permitan a súa identificación inequívoca no mercado, así como o prezo, a forma e as condicións de pagamento, os gastos e mais o prazo de envío.

3. A persoa vendedora está obrigada a poñer en coñecemento da persoa consumidora, por escrito, o dereito que a asiste de dispoñer dun período de reflexión, non inferior a sete días, durante o cal pode decidir a devolución do produto do que se trate e recibir as cantidades que entregase, de conformidade co establecido na normativa vixente en materia de protección das persoas consumidoras, no caso dos contratos realizados fóra dos establecementos comerciais.

CAPÍTULO III VENDAS A DISTANCIA

Artigo 56º.-Concepto.

1. Considéranse vendas a distancia as realizadas sen a presenza física simultánea das persoas compradoras e vendedoras, sempre que a súa oferta e aceptación se realicen de forma exclusiva a través dunha técnica calquera de comunicación a distancia e dentro dun sistema de contratación a distancia organizado pola persoa vendedora.

En particular, estarán incluídas neste concepto as vendas por teléfono, as vendas por correspondencia, ben sexa mediante envío postal, por catálogo, a través de impresos ou por anuncios na prensa, as vendas ofertadas polo chamado sistema de telecompra ou por calquera outro medio que se desenvolva no futuro de similares características.

2. O disposto neste capítulo non será aplicable a:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) As vendas realizadas mediante distribuidores automáticos ou locais comerciais automatizados.

b) As vendas realizadas en poxas, agás as efectuadas por vía electrónica.

3. O disposto nos artigos 58º.1, 59º, 62º.1, 63º e 65º non lles será aplicable aos contratos de subministración de produtos alimenticios, de bebidas ou doutros bens do fogar de consumo corrente subministrados no domicilio da persoa consumidora, na súa residencia ou no seu lugar de traballo por distribuidores que realicen visitas frecuentes e regulares.

4. Cando a contratación a distancia de bens ou servizos se leve a cabo a través de medios electrónicos aplicarase, preferentemente, a normativa específica sobre servizos da sociedade da información e comercio electrónico.

Artigo 57º.-Comunicación.

1. As persoas físicas ou xurídicas domiciliadas en territorio galego que exerzan a actividade de venda a distancia en calquera ámbito territorial deberanlle comunicar, no prazo de tres meses, o inicio da súa actividade á correspondente sección do Rexistro de Vendas a Distancia da dirección xeral competente en materia de comercio interior da Xunta de Galicia.

Tamén deberán efectuar a devandita comunicación aquelas persoas físicas ou xurídicas que, sen estaren domiciliadas en territorio galego, difundan as súas ofertas por medios que abranguen a Galicia.

2. Á comunicación, dirixida á dirección xeral competente en materia de comercio, achegaráselle unha memoria explicativa da actividade que se vai realizar, así como a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos legais inherentes á modalidade de venda a distancia que a persoa solicitante se propón exercer.

Ademais, a persoa interesada deberá acreditar os seguintes datos:

a) A identificación da empresa, así como da súa persoa titular.

b) A estrutura e a composición dos órganos de administración e goberno da persoa xurídica.

c) A relación de produtos ou servizos que configuran a oferta comercial.

d) O ámbito de actuación.

e) A clase ou as clases de medios de comunicación para transmitir as propostas de contratos e para recibir as respostas das persoas consumidoras.

f) A referencia ao sistema comercial previsto e ao lugar para atender as reclamacións dos consumidores e para atender o exercicio por parte destes do dereito de desistimento ou revogación.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

g) Os lugares onde a empresa teña establecidos almacéns e, de ser o caso, locais comerciais relacionados coa actividade para a que se solicita autorización.

Exixirase, así mesmo, acreditar todos aqueles datos que poidan resultar precisos para unha axeitada coordinación e colaboración consultiva con outras administracións públicas.

A documentación presentada deberá acreditar que o empresariado que se propoña practicar esta forma de distribución comercial cumpre cos requisitos establecidos nas regulamentacións e nas normas específicas aplicables aos produtos obxecto de comercialización e en calquera outra regulamentación sectorial que resulte aplicable.

3. Calquera cambio producido na empresa que implique o cesamento total ou parcial da súa actividade, ou afecte algunha das circunstancias referidas na alínea 1 deste artigo, supoñerá a obriga, por parte da súa persoa titular, de o poñer en coñecemento da dirección xeral competente en materia de comercio, dentro do prazo de tres meses, contado desde que tal cambio tivese lugar.

4. As empresas de venda a distancia deberán facer constar nos seus anuncios comerciais os datos que identifican a súa inscrición no Rexistro de Vendas a Distancia.

Artigo 58º.-Proposta de contratación.

1. En todas as propostas de contratación deberá constar inequivocamente que se trata dunha proposta comercial. No caso de comunicacións telefónicas, deberáselle precisar explícita e claramente, ao principio de calquera conversación, á persoa compradora a identidade da persoa vendedora e mais a finalidade comercial da chamada.

2. A utilización por parte da persoa vendedora das técnicas de comunicación que consistan nun sistema automatizado de chamada sen intervención humana ou nun telefax precisará o consentimento previo da persoa compradora.

3. En todo caso, deberanse cumprir as disposicións vixentes sobre condicións xerais de contratación, protección das persoas menores e respecto á intimidade. Cando se utilicen datos persoais procedentes de fontes accesibles ao público para a realización de comunicacións comerciais, proporcionaráselle á persoa destinataria a información sinalada na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 59º.-Información previa.

1. Antes de iniciar o procedemento de contratación e coa antelación precisa, a persoa vendedora deberalle subministrar á consumidora, de xeito veraz, eficaz e suficiente, a seguinte información:

a) A identidade da persoa oferente e o seu enderezo.

b) As características esenciais do produto.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) O prezo, incluídos os impostos.

d) Os gastos de entrega e transporte, se for o caso.

e) A forma de pagamento e as modalidades de entrega ou de execución.

f) A existencia dun dereito de desistimento ou resolución, ou a súa ausencia nos contratos para os que fai referencia a alínea 9 do artigo 63º desta lei.

g) O custo da utilización da técnica da comunicación a distancia cando se calcule sobre unha base distinta da tarifa básica.

h) O prazo de validez da oferta e do prezo.

i) A duración mínima do contrato, de proceder, cando se trate de contratos de subministración de produtos destinados á súa execución permanente ou repetida.

j) As circunstancias e as condicións nas que a persoa vendedora podería subministrar un produto de calidade e prezos equivalentes, en substitución do solicitado pola consumidora, cando se queira prever esta posibilidade.

k) De ser o caso, a indicación de se a persoa vendedora dispón ou está adherida a algún procedemento extraxudicial de solución de conflitos.

2. A información contida na alínea anterior, cuxa finalidade comercial debe ser indubidable, deberáselle facilitar á persoa compradora de modo claro, comprensible e inequívoco, mediante calquera técnica axeitada ao medio de comunicación a distancia utilizado, e deberá respectar, en particular, o principio de boa fe nas transaccións comerciais, así como os principios de protección de quen sexa incapaz de contratar.

Artigo 60º.-Necesidade de consentimento expreso.

1. Non se poderá considerar en ningún caso a falta de resposta á oferta de venda a distancia como aceptación desta.

2. Para o caso de que a persoa vendedora lle envíe á destinataria da oferta o produto ofertado sen aceptación explícita desta, aplicarase o disposto no artigo seguinte.

Artigo 61º.-Prohibición de envíos non solicitados.

1. Queda prohibido enviarlles ás persoas consumidoras artigos ou mercadorías non pedidas por estas á persoa comerciante, cando as devanditas subministracións inclúan unha petición de pagamento. No caso de que así for, e sen prexuízo da infracción que tal conduta supoña, a persoa receptora de tales artigos non estará obrigada á súa devolución, nin poderá reclamárselle o prezo. E no suposto de que decida devolvelo, non deberá indemnizar polos danos e os deméritos que presente o produto.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Non será aplicable o disposto na alínea anterior cando lle quede claramente de manifesto á persoa receptora que o envío non solicitado se debía a un erro, correspondéndolle á persoa vendedora a carga da proba. A persoa receptora terá dereito a ser indemnizada polos gastos e polos danos e perdas que se lle ocasionasen.

Artigo 62º.-Execución e pagamento.

1. Excepto no suposto de que as partes acordasen outra cousa, a persoa vendedora deberá executar o pedido a máis tardar no prazo de trinta días a partir do día seguinte a aquel no que a persoa compradora lle comunicase o seu pedido.

2. No caso de non execución do contrato por parte da persoa vendedora por non se atopar dispoñible o ben obxecto do pedido, a persoa compradora deberá ser informada desta falta de dispoñibilidade e deberá poder recuperar canto antes, e en calquera caso nun prazo de trinta días como máximo, as sumas que teña aboado. No suposto de que a persoa vendedora non realice este aboamento no prazo sinalado, a persoa compradora poderá reclamar que se lle pague o dobre da suma debida, sen prexuízo do seu dereito a ser indemnizada polos danos e perdas sufridos no que excedan da devandita cantidade.

3. De non se atopar dispoñible o ben obxecto do pedido, cando a persoa compradora fose informada expresamente de tal posibilidade, a persoa vendedora poderá subministrar, sen aumento de prezo, un produto de características similares que teña a mesma ou superior calidade. Neste caso, a persoa compradora poderá exercer os seus dereitos de desistimento ou resolución nos mesmos termos que de se tratar do ben inicialmente requirido.

Artigo 63º.-Dereito de desistimento.

1. A persoa compradora dispoñerá dun prazo mínimo de sete días hábiles para desistir do contrato sen ningunha penalización e sen indicación dos motivos. Será a lei do lugar onde se entregase o ben a que determine que días se deben ter por hábiles.

2. O exercicio do desistimento non estará suxeito a ningunha formalidade, e abondará con que se acredite baixo calquera forma admitida en dereito.

3. O dereito de desistimento da persoa compradora non pode implicar a imposición de ningunha penalidade, aínda que se poderá exixir da persoa compradora que se faga cargo do custo directo de devolución do produto á persoa vendedora.

Malia o anterior, nos supostos nos que a persoa vendedora poida subministrar un produto de calidade e prezo equivalentes, en substitución do solicitado pola persoa consumidora, os custos directos de devolución, de se exercer o dereito de desistimento, serán por conta da persoa vendedora, que debeu informar disto á consumidora.

Serán nulas de pleno dereito as cláusulas que lle impoñan á persoa consumidora unha penalización polo exercicio do seu dereito de desistimento ou a renuncia a el.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. Para os efectos do exercicio do dereito de desistimento, o prazo calcularase a partir do día de recepción do ben, sempre que se cumprise o deber de información que impón o artigo 59º.

5. Para o caso de que a persoa vendedora non cumprise con tal deber de información, a persoa compradora poderá resolver o contrato no prazo de tres meses, contado desde aquel no que se entregou o ben. Se a información á que se refire o artigo 59º se facilita durante o citado prazo de tres meses, o período de sete días hábiles para o desistimento empezará a correr desde ese momento. Cando a persoa compradora exerza o seu dereito a resolver o contrato por incumprimento do deber de información que lle incumbe á persoa vendedora, esta non poderá exixir que aquela se faga cargo dos gastos de devolución do produto.

6. Cando a persoa compradora exercese o dereito de desistimento ou o de resolución consonte o establecido neste artigo, a persoa vendedora estará obrigada a devolver as sumas aboadas por aquela sen retención de gastos. A devolución destas sumas deberase efectuar o máis axiña posible e, en calquera caso, nun prazo máximo de trinta días desde o desistimento ou a resolución. Correspóndelle á persoa vendedora a carga da proba sobre o cumprimento do prazo. Transcorrido este sen que a persoa compradora teña recuperado a suma debida, terá dereito a reclamala duplicada, sen prexuízo de que ademais se lle indemnicen os danos e perdas que lle teñan causado no que exceda da devandita cantidade.

7. Para o caso de que o prezo fose total ou parcialmente financiado mediante un crédito concedido á persoa compradora por parte da persoa vendedora ou por parte dun terceiro previo acordo deste coa persoa vendedora, o exercicio do dereito de desistimento ou de resolución previstos neste artigo implicará asemade a resolución do crédito sen ningunha penalización para a persoa compradora.

8. O transcurso do prazo do dereito de desistimento sen executalo non será obstáculo para o posterior exercicio das accións de nulidade ou resolución do contrato cando procedan conforme a dereito.

9. Agás pacto en contrario, o disposto neste artigo non será aplicable aos seguintes supostos:

a) Aos contratos de subministración de produtos cuxo prezo estea suxeito a flutuacións de coeficientes do mercado financeiro que a persoa vendedora non poida controlar.

b) Aos contratos de subministración de bens confeccionados conforme especificacións da persoa consumidora ou claramente personalizados ou que, pola súa natureza, non poidan ser devoltos ou poidan deteriorarse ou caducar con rapidez.

c) Aos contratos de subministración de gravación sonora ou de vídeo, de discos e de programas informáticos que fosen desprecintados pola persoa consumidora, así como de ficheiros informáticos subministrados vía electrónica, susceptibles de seren descargados ou reproducidos con carácter inmediato para o seu uso permanente.

d) Aos contratos de subministración de prensa diaria, publicacións periódicas e revistas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 64º.-Pagamento mediante tarxeta.

1. Cando o importe dunha compra fose cargado fraudulenta ou indebidamente utilizando o número dunha tarxeta de pagamento, a súa persoa titular poderá exixir a inmediata anulación do cargo. En tal caso, as correspondentes anotacións do endebedado e do reaboamento nas contas da persoa provedora e da persoa titular efectuaranse coa maior brevidade.

2. Porén, de ter sido efectivamente realizada a compra pola persoa titular da tarxeta e a esixencia de devolución non fose consecuencia de terse exercido o dereito de desistimento ou de resolución recoñecido no artigo 63º e, polo tanto, terse esixido indebidamente a anulación do correspondente cargo, aquela quedará obrigada fronte á persoa vendedora ao resarcimento dos danos e perdas ocasionados como resultado da devandita anulación.

Artigo 65º.-Información.

1. Ademais da información sinalada no artigo 59º, a persoa consumidora deberá ter recibido, á execución do contrato, as seguintes informacións e documentos:

a) Información escrita sobre as condicións e as modalidades de exercicio dos dereitos de desistimento e resolución, así como un documento de desistimento ou revogación, identificado claramente como tal, que conteña o nome e o enderezo da persoa a quen se debe enviar e os datos de identificación do contrato e das persoas contratantes ás que se refire.

b) O enderezo do establecemento da persoa vendedora onde a persoa compradora poida presentar as súas reclamacións.

c) Información relativa aos servizos posvenda e ás garantías comerciais existentes.

d) No caso de formalización dun contrato de duración indeterminada ou de duración superior a un ano, as condicións de rescisión do contrato.

2. A información á que se refire a alínea anterior deberase facilitar por escrito ou, agás oposición expresa da persoa consumidora, en calquera outro soporte duradeiro adecuado á técnica de comunicación empregada e na lingua utilizada na proposta de contratación.

Artigo 66º.-Irrenunciabilidade dos dereitos.

A renuncia efectuada, explícita ou implicitamente, pola persoa consumidora aos dereitos que lle son recoñecidos neste capítulo será nula e non impedirá a aplicación das normas contidas nel.

Artigo 67º.-Requisitos especiais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Os requisitos que deberán reunir as persoas físicas ou xurídicas que se dediquen á actividade da venda á distancia, á marxe dos previstos nos artigos precedentes, así como dos sinalados no capítulo II do título I desta lei, serán os seguintes:

a) Cumprir os requisitos previstos na normativa específica reguladora dos produtos obxecto desta modalidade de venda.

b) Levar e ter á disposición das autoridades competentes unha relación autorizada dos produtos que se comercializan, das súas ofertas, dos centros de distribución e dos domicilios sociais, así como da recepción de pedidos e solicitudes de información.

c) Ter os almacéns onde se atopen os produtos nas condicións adecuadas, segundo o establecido na lexislación vixente.

2. Non se poden efectuar envíos de ofertas para o caso de implicar o sistema utilizado calquera gasto para a persoa destinataria, agás que exista a solicitude previa da oferta por parte desta última.

CAPÍTULO IV VENDAS AUTOMÁTICAS

Artigo 68º.-Concepto.

1. Enténdese por venda automática a forma de distribución retallista na cal se pon á disposición das persoas consumidoras o produto ou o servizo para que estas o adquiran mediante o accionamento de calquera tipo de mecanismo e tras o pagamento do seu importe.

2. Para os efectos desta lei, non privará a unha venda da súa condición de automática o feito de que o mecanismo de venda se atope instalado nun establecemento comercial.

3. Todas as máquinas ou os mecanismos de venda automática deberán cumprir a normativa técnica que lles resulte aplicable.

Artigo 69º.-Condicións.

1. Para os efectos de protección dos consumidores e usuarios, as máquinas ou os mecanismos de venda automática deberán reunir os requisitos que regulamentariamente se determinen e neles deberá figurar con clareza:

a) A información referida ao produto e ao comerciante que o ofrece: o tipo de produto que expenden, o seu prezo, a identidade do oferente, así como unha dirección e teléfono onde se atendan as reclamacións.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) A información relativa á máquina que expende o produto: o tipo de moedas que admite, as instrucións para a obtención do produto desexado, así como a acreditación do cumprimento da normativa técnica aplicable.

c) Un sistema de recuperación automática de moedas e/ou billetes para os supostos de erro, de inexistencia de mercadorías ou de mal funcionamento da máquina ou do mecanismo de venda.

2. No caso de produtos alimentarios, unicamente están autorizados para a súa venda automática os que estean envasados, os cales levarán a identificación que estea prescrita pola normativa vixente en materia de etiquetaxe e comercialización.

3. Para o caso de as máquinas ou os mecanismos de venda estaren instalados nun local destinado ao desenvolvemento dunha empresa ou actividade privada, as persoas titulares desta responderán solidariamente coa da propia máquina fronte á persoa compradora do cumprimento das obrigas derivadas da venda automática.

CAPÍTULO V VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA

Artigo 70º.-Concepto.

1. Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes, fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou nos lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

2. As vendas efectuadas dentro dos locais ou dos recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de ambulante.

Artigo 71º.-Tipoloxía de venda ambulante ou non sedentaria.

Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro desta epígrafe están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, en mercados de postos e en rastros.

b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

c) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

e) Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

Artigo 72º.-Condicións.

1. O exercicio da venda ambulante, coas tipoloxías establecidas no artigo anterior, estará suxeita á obtención de licenza, e correspóndelles aos concellos a súa autorización, consonte o disposto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. Con tal fin, os concellos aprobarán as correspondentes ordenanzas municipais de venda ambulante, nas que, como mínimo, se determinarán:

a) Os lugares e os períodos nos que se poida desenvolver a venda ambulante, así como a tipoloxía admitida, tendo en conta as características e as necesidades de cada concello e, en especial, os seguintes indicadores:

1º) Densidade de tránsito e circulación.

2º) Acceso aos locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates ou exposicións.

3º) Acceso aos edificios de uso público.

4º) Condicións para garantir a adecuada sanidade e hixiene.

5º) Interese das persoas consumidoras.

6º) Tradición e raizame no municipio desta modalidade de venda.

b) Os requisitos para o exercicio da venda ambulante.

c) O réxime de autorizacións.

d) A previsión do número de postos ou licenzas.

e) Os produtos que poderán ser ofrecidos á venda.

f) A taxa que hai que pagar pola concesión da licenza.

g) O réxime interno de funcionamento do mercado, de ser o caso.

h) A previsión do réxime sancionador.

i) A relación de dereitos e deberes das persoas comerciantes ambulantes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Serán requisitos inescusables para a concesión da referida autorización de venda ambulante os seguintes:

a) Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, de ser o caso, no imposto de actividades económicas.

b) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.

c) Estar en posesión, de ser o caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.

d) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.

e) Dispoñer dos permisos de residencia e de traballo que, en cada caso, sexan exixibles, de se tratar de persoas estranxeiras.

f) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, a acta de constitución, os estatutos e a escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.

g) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

Artigo 73º.-Sección de comerciantes ambulantes do Rexistro Galego de Comercio.

1. Para os meros efectos estatísticos existirá unha sección de comerciantes ambulantes no Rexistro Galego de Comercio regulado no artigo 8º desta lei.

2. A inscrición na correspondente sección do Rexistro Galego de Comercio será voluntaria para a persoa comerciante e terá carácter previo ao inicio da actividade, debéndose achegar a seguinte documentación:

a) O DNI ou o pasaporte, se o interesado é persoa física; o CIF, a acta de constitución, os estatutos e a escritura de poder outorgada a favor da persoa que asina a solicitude de inscrición en representación da empresa, se é persoa xurídica.

b) A certificación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, de ser o caso, no imposto de actividades económicas.

3. A inscrición na sección de vendedores ambulantes do Rexistro Galego de Comercio terá unha vixencia de cinco anos renovables. A non inscrición ou renovación non constituirá ningún impedimento para o exercicio da venda ambulante.

4. A Administración autonómica expedirá unha tarxeta de persoa vendedora ambulante, logo da inscrición no Rexistro Galego de Comercio, con vixencia de cinco anos. Na tarxeta deberá constar:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) A identificación da persoa titular.

b) A identificación da persoa traballadora para a que se expide a tarxeta e a fotografía dela.

c) A data de expedición e de caducidade.

d) A descrición literal da epígrafe na que figura dada de alta.

e) O número de inscrición no rexistro.

A tarxeta seralle outorgada á persoa física ou xurídica titular da actividade, sendo expedidas de forma nominativa para cada unha das súas persoas traballadoras, sempre que estas últimas acrediten unha cotización como vendedoras ambulantes de polo menos dezaseis horas semanais na Seguridade Social no réxime que corresponda.

Para os efectos de simplificación administrativa, a tarxeta servirá como acreditación dos extremos sinalados na alínea 2 deste artigo perante os correspondentes concellos. No suposto de que a persoa vendedora ambulante non opte voluntariamente pola inscrición na sección do rexistro, será o concello que autorice o exercicio da venda ambulante o que comunique os datos para a correspondente inscrición.

Artigo 74º.-Produtos obxecto da venda ambulante.

1. Non poderán ser en ningún caso obxecto de venda ambulante ou non sedentaria os bens ou os produtos cuxa propia normativa o prohiba e aqueloutros que, por razón da súa presentación ou outros motivos, non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguranza.

2. En todo caso, non se poderán vender alimentos ou produtos alimentarios non envasados por quen careza do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación deles.

3. Os concellos determinarán, dentro dos lugares sinalados, os produtos obxecto de comercialización.

Artigo 75º.-Lugares destinados á venda ambulante.

Os concellos coidarán de que os lugares destinados ao exercicio da venda ambulante se atopen en axeitadas condicións de limpeza e salubridade, debendo exercer o debido control hixiénico e sanitario, en especial dos produtos perecedoiros e de alimentación, de acordo coa lexislación e coas ordenanzas vixentes.

Artigo 76º.-Réxime de autorización.

1. As autorizacións concederanse en condicións non discriminatorias e o procedemento deberá garantir a transparencia e a imparcialidade e, en concreto, a publicidade adecuada de inicio, desenvolvemento e fin do proceso.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Posto que o número de autorizacións dispoñibles é limitado debido á escaseza de solo público habilitado para tal efecto, a duración delas non poderá ser por tempo indefinido, debendo permitir, en todo caso, a amortización dos investimentos e unha remuneración equitativa dos capitais investidos.

As autorizacións outorgaranse por tempo determinado. O seu prazo de duración será de cinco anos prorrogables de forma expresa por idénticos períodos.

2. As licenzas poderánselles conceder tanto a persoas físicas coma a persoas xurídicas, sexan sociedades mercantís ou cooperativas, e serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72º.2 desta lei, logo de comunicación á administración competente. A transmisión dunha autorización non afectará o seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

Artigo 77º.-Información ao público.

As persoas que exerzan o comercio ambulante deberán ter exposto de xeito doadamente visible e lexible para o público os seus datos persoais e o documento no que conste a correspondente autorización municipal, así como un enderezo para a recepción das posibles reclamacións.

Artigo 78º.-Facultades de inspección e sanción.

Correspóndelles aos concellos a inspección e a sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións.

CAPÍTULO VI VENDA EN POXA PÚBLICA

Artigo 79º.-Concepto.

1. Son vendas en poxa pública aquelas consistentes na oferta pública e irrevogable dun ben para os efectos da adxudicación do produto, mediante o sistema de poxa e dentro do prazo concedido para tal efecto, á persoa oferente que propoña un mellor prezo no transcurso dunha sesión pública convocada con esta finalidade.

2. A regulación das vendas en poxa pública contida nesta lei aplicarase tanto ás efectuadas por empresas que se dediquen habitualmente a esta actividade coma a aquelas que a realicen ocasionalmente. Están fóra do ámbito de aplicación desta lei as poxas xudiciais ou administrativas, as que se leven a cabo en lonxas e lugares similares e mais as poxas de títulos-valores, que se rexerán pola súa normativa específica.

Artigo 80º.-Condicións do contrato de venda en poxa pública.

O contrato de poxa ou de venda en poxa pública deberá cumprir as seguintes condicións:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) No suposto de que os bens para vender en poxa pública non pertenzan á empresa que desenvolva esta actividade, as relacións coa propiedade de tales bens axustaranse ao estipulado entre as partes, de conformidade coa normativa xeral sobre contratación.

b) En defecto de pacto expreso, entenderase que todos os gastos da venda en poxa pública, incluídos os de custodia e, de ser o caso, taxación, lle corresponden á empresa de poxas, sen que a propiedade deba entregar por este concepto ningunha remuneración, fóra do prezo ou da gratificación establecida.

Tamén lle corresponderá á referida empresa, agás estipulación en contrario, a obriga de custodia e exposición dos bens e, de ser o caso, os de inclusión no catálogo.

c) De ser o caso, a empresa poxadora deberá comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente para a protección do tesouro artístico, histórico e bibliográfico.

d) A encarga de poxa deberase documentar mediante un escrito no que se identificarán as partes, o obxecto e as condicións da venda, así como a retribución da empresa poxadora.

Artigo 81º.-Requisitos da oferta en poxa pública.

A oferta da venda en poxa pública deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberá conter unha descrición veraz dos obxectos que saen á referida venda, con identificación de se as súas calidades son certas ou, simplemente, supostas ou avaladas por determinado experto.

b) Cando en salas especializadas en obxectos de arte ou de valor se oferte a venda en poxa dunha imitación ou dun artigo que, se ben aparentemente precioso, non o sexa na realidade, deberase facer constar expresamente esta circunstancia, tanto nos anuncios coma nas invitacións das poxas.

c) Cando se oferte a venda en poxa dun obxecto ao que se achega o nome ou as iniciais dunha determinada persoa ou precisando que aparece asinado por esta, considerarase que se vende como orixinal dela, a non ser que constaren con clareza as oportunas advertencias.

d) O disposto na alínea anterior aplicarase tamén ás vendas de obxectos preciosos ou artísticos que se oferten ao público en forma distinta á poxa.

Artigo 82º.-Relación entre as partes intervenientes.

A relación entre a empresa que efectúa a venda en poxa pública e as persoas licitadoras deberase ater ás seguintes condicións:

a) Unicamente poderá exixírselles a constitución de fianza ás persoas licitadoras cando expresamente se consignase esta condición nos anuncios da venda en poxa pública.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O importe das fianzas non poderá ser en ningún caso superior ao cinco por cento do prezo de saída dos bens en cuxa licitación se queira participar.

b) A fianza constituída polas persoas licitadoras ás que non lles fose adxudicado o remate deberalles ser reintegrada dentro do prazo máximo de tres días, que se contará desde a finalización do acto.

c) Para o caso de que a persoa rematante non satisfaga o prezo nas condicións en que se levou a cabo a adxudicación, perderá a fianza constituída, que, en defecto de pacto, lle corresponderá á persoa titular do ben poxado, unha vez deducido o premio ou a comisión atribuíble á empresa poxadora, sen prexuízo do dereito da persoa vendedora a exixir o cumprimento do contrato.

Artigo 83º.-Documentación.

1. Logo de se adxudicar un ben, consignarase de inmediato por escrito e procederase á súa entrega unha vez satisfeito o prezo do remate ou a parte do prezo determinada nos correspondentes anuncios.

2. As vendas en poxa pública deberán, necesariamente, formalizarse mediante un documento público ou privado que, de ser o caso, poderá ser concedido pola empresa poxadora como mandataria da persoa propietaria do ben vendido na poxa.

Artigo 84º.-Efectos da venda en poxa pública.

1. A adquisición de bens mobles mediante unha venda en poxa pública conforme o previsto nesta lei determinará a súa irreivindicabilidade na forma establecida no artigo 85º do Código de comercio.

2. A empresa poxadora responderá solidariamente coa persoa titular do ben poxado pola falta de conformidade deste co anuncio da poxa, así como polos vicios ou defectos ocultos da cousa vendida cando incumprise as obrigas de información contidas no artigo 81º desta lei.

Artigo 85º.-Comunicación previa.

A actividade de venda en poxa pública deberalle ser comunicada previamente ao concello en cuxo ámbito territorial vai ser realizada.

No caso de empresas que se dediquen con carácter permanente a esta actividade, a autorización concederase por unha soa vez e con carácter temporal ilimitado, sen prexuízo da súa oportuna revogación por incumprimento das condicións requiridas e, en calquera caso, despois do oportuno expediente administrativo.

CAPÍTULO VII VENDA OCASIONAL

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 86º.-Concepto.

Para os efectos desta lei, enténdese por venda ocasional aquela que consista na oferta de bens en establecementos, públicos ou privados, que non teñan carácter comercial permanente e habitual para esta actividade, por un período inferior a un mes e que non constitúa venda ambulante ou calquera outra modalidade de venda expresamente regulada nesta lei.

Artigo 87º.-Condicións.

1. A actividade de venda ocasional deberá ser comunicada previamente ao concello en cuxo ámbito territorial se desenvolva.

2. Na comunicación determinaranse, como mínimo, os seguintes extremos:

a) A identificación da persoa vendedora.

b) A descrición do produto, das súas características, así como da súa orixe.

c) O cumprimento dos requisitos fiscais e administrativos.

d) O título de uso do local.

3. Cando a venda ocasional supoña a entrega inmediata do produto comercializado deberáselle indicar á persoa compradora a existencia dun prazo de, polo menos, sete días, durante o cal esta poida efectuar a correspondente devolución ou, se for o caso, reclamación.

4. Se a entrega do produto se difire no tempo seralle aplicable á venda ocasional o disposto nos artigos 57º a 67º desta lei.

CAPÍTULO VIII PRÁCTICAS ESPECIAIS DE VENDA

Artigo 88º.-Venda multinivel. Concepto.

1. A venda multinivel constitúe unha forma especial de comercio na que unha persoa fabricante ou comerciante por xunto vende os seus produtos ou servizos á persoa consumidora final a través dunha rede de comerciantes ou axentes distribuidores independentes, mais condicionados dentro dunha mesma rede comercial, e cuxos beneficios económicos se obteñen mediante unha única marxe sobre o prezo de venda ao público, que se distribúe mediante a percepción de porcentaxes variables sobre o total da facturación xerada polo conxunto das persoas comerciantes ou distribuidoras independentes integradas na rede comercial e, proporcionalmente, ao volume de negocio que cada compoñente crease.

2. Entre a persoa fabricante ou a comerciante por xunto e a persoa consumidora final só será admisible a existencia dunha persoa distribuidora.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 89º.-Condicións.

1. Queda prohibido organizar a comercialización de produtos e servizos nos seguintes supostos:

a) Cando o beneficio económico da organización e das persoas vendedoras non se obteña exclusivamente da venda ou do servizo distribuído ás persoas consumidoras finais, senón da incorporación de novas persoas vendedoras.

b) Para o caso de que non se garanta axeitadamente que as persoas distribuidoras conten coa oportuna contratación laboral ou cumpran cos requisitos que veñen exixidos legalmente no desenvolvemento dunha actividade comercial.

c) Cando exista a obriga de realizar unha compra mínima dos produtos distribuídos por parte das novas persoas vendedoras sen pacto de recompra nas mesmas condicións.

2. A persoa fabricante ou comerciante por xunto titular da rede non poderá condicionar en ningún caso o acceso a esta mediante a exixencia do aboamento dunha cota ou dun canon de entrada que non sexa equivalente aos produtos e material promocional entregados a un prezo similar ao doutros homólogos existentes no mercado e que non poderán superar a cantidade que regulamentariamente se determine.

Artigo 90º.-Prohibición das vendas piramidais.

1. Prohíbese a venda realizada polo procedemento chamado «en cadea ou piramidal» e calquera outro análogo, consistente en lles ofrecer ás persoas consumidoras produtos ou servizos a un prezo inferior ao seu valor de mercado, de forma gratuíta ou por calquera medio que implique un incentivo de compra, coa condición de que se consiga, directa ou indirectamente, para a persoa vendedora ou para unha terceira, a adhesión doutras persoas ou un volume de venda determinado.

2. Prohíbese propoñer a obtención de adhesións ou inscricións coa expectativa de obter un beneficio económico relacionado coa progresión xeométrica do número de persoas recrutadas ou inscritas.

Artigo 91º.-Prohibición da venda á perda.

Prohíbese a venda á perda, de acordo co establecido no artigo 12º, capítulo III, do título I desta lei.

TÍTULO VI DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN RÉXIME DE FRANQUÍA

CAPÍTULO ÚNICO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN RÉXIME DE FRANQUÍA

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 92º.-Concepto e condicións.

1. A actividade comercial en réxime de franquía é aquela que se leva a cabo en virtude dun acordo ou dun contrato polo que unha empresa, denominada franqueadora, cede a outra, denominada franqueada, o dereito á explotación dun sistema propio de comercialización de produtos ou servizos.

2. As persoas físicas ou xurídicas que realicen a actividade comercial en réxime de franquía en territorio galego deberanllo comunicar á sección desta actividade do Rexistro Galego de Comercio no prazo de tres meses desde o inicio dela, sempre que teñan o seu domicilio social ou unha delegación ou representación en Galicia.

3. Os datos e os documentos precisos para a inscrición determinaranse regulamentariamente.

TÍTULO VII DAS ACTIVIDADES FEIRAIS

CAPÍTULO ÚNICO DAS ACTIVIDADES FEIRAIS

Artigo 93º.-Das actividades feirais.

Polo que respecta á regulación das actividades feirais, estas rexeranse pola lei específica da Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia e polo disposto no seguinte precepto.

Artigo 94º.-Feiras de oportunidades realizadas por persoas comerciantes.

1. Enténdese por feiras de oportunidades aquelas de carácter multisectorial promovidas por persoas comerciantes ou polas súas estruturas asociativas e realizadas fóra dos seus respectivos establecementos comerciais, permanentes ou fixos, en lugares do núcleo urbano habilitados para o efecto polo respectivo concello.

2. A realización das feiras de oportunidades requirirá comunicación previa á dirección xeral competente en materia de comercio, logo da correspondente solicitude realizada cunha antelación mínima dun mes á data do desenvolvemento da feira, e na que se indicarán de forma pormenorizada o número de postos que se van instalar, os produtos obxecto de venda, así como a duración e a localización, debendo achegar a correspondente comunicación previa ou declaración responsable ao respectivo concello e o informe favorable da Mesa Local do Comercio.

3. As feiras de oportunidades terán por obxecto a realización de vendas en condicións máis vantaxosas das habituais, resultándolles aplicable o disposto no capítulo I do título IV desta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. As dúas terceiras partes das persoas comerciantes participantes na feira de oportunidades deberán exercer a súa actividade no respectivo concello ou comarca, de ser o ámbito territorial da feira comarcal, e ningunha delas poderá ocupar máis dunha décima parte da dimensión espacial da feira.

5. As feiras de oportunidades terán unha duración máxima de tres días e poderanse realizar unicamente unha vez ao ano, preferentemente en período de rebaixas. Excepcionalmente, e logo do informe favorable do Observatorio do Comercio de Galicia e da Mesa Local do Comercio, a dirección xeral competente en materia de comercio poderá autorizar a realización dunha segunda feira de oportunidades no período dun ano.

TÍTULO VIII DA INSPECCIÓN E DO RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I INSPECCIÓN

Artigo 95º.-Competencias inspectoras.

A Administración galega, a través da dirección competente en materia de comercio, e os concellos, no exercicio das súas funcións de vixilancia, poderán inspeccionar os produtos, as actividades, as instalacións e os establecementos comerciais, así como solicitarlles ás súas persoas titulares canta información resulte precisa en relación con estes, co fin de garantiren o cumprimento desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento.

O exposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo das competencias inspectoras noutros ámbitos sectoriais nos que, por razón da materia, outros departamentos da Xunta de Galicia resulten competentes.

Artigo 96º.-Funcións da Inspección de Comercio.

Correspóndenlle á Inspección de Comercio as seguintes funcións:

a) Vixiar, verificar e constatar o cumprimento das disposicións legais e regulamentarias en materia de comercio.

b) Investigar e comprobar os feitos dos que teña coñecemento a administración por presuntas infraccións ou irregularidades en materia de comercio.

c) Asesorar e informar sobre calquera materia comercial e comprobar a execución dos investimentos que fosen obxecto de subvencións públicas.

d) Informar ás empresas, durante a realización das súas actuacións, sobre as esixencias, o cumprimento e a aplicación da normativa vixente en materia de comercio.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

e) Elaborar os informes que requira a súa actividade, así como os solicitados polos órganos competentes en materia de comercio.

f) Estudar, preparar e executar as campañas de inspección, así como calquera outra actuación preparatoria para a correcta execución das súas funcións.

g) Calquera outra función inspectora que, legal ou regulamentariamente, se lle atribúa.

Artigo 97º.-Facultades da Inspección de Comercio.

Para o cumprimento das súas funcións, o persoal que realice as actividades de inspección terá as seguintes facultades:

a) Acceder en calquera momento aos establecementos comerciais ou ás empresas suxeitas a inspección.

b) Requirir a comparecencia da persoa titular ou das persoas responsables do establecemento comercial, da empresa ou da actividade, ou de quen as represente, durante o tempo que resulte preciso para o desenvolvemento das súas actuacións.

c) Requirirlles información á persoa titular ou ás persoas responsables do establecemento comercial, da empresa ou da actividade sobre calquera asunto relativo ao cumprimento da normativa comercial aplicable.

d) Solicitar información do persoal ao servizo do establecemento, da empresa ou da actividade comercial, no suposto de que a persoa titular ou as persoas responsables non estean presentes.

e) Demandar, cando o considere preciso, a colaboración do persoal e dos servizos dependentes doutras administracións públicas, así como das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Artigo 98º.-Obrigas das persoas inspeccionadas.

1. As persoas físicas ou xurídicas inspeccionadas estarán obrigadas, ben sexa a través das persoas titulares dos establecementos inspeccionados ou, no seu defecto, a través das súas persoas empregadas, por requirimento dos órganos competentes en materia de comercio ou do persoal que realice as actividades de inspección, a:

a) Facilitarlle á Inspección de Comercio o acceso ás dependencias e ás instalacións e mais o exame dos documentos, libros e rexistros directamente relacionados coa vixilancia e a comprobación do cumprimento das obrigas legais en materia de comercio.

b) Subministrar toda clase de información sobre instalacións, produtos ou servizos, permitindo a directa comprobación das persoas inspectoras.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Exhibir a documentación que sirva de xustificación das transaccións efectuadas, dos prezos e das marxes aplicadas e dos conceptos nos que estes se descompoñen.

d) Facilitar a obtención de copia ou a reprodución da devandita documentación.

e) En xeral, consentir a realización das visitas de inspección e dar toda clase de facilidade para isto.

2. Calquera declaración ou documentación que se achegue por requirimento da administración, ou espontaneamente, deberá ser asinada por persoa con poder bastante para representar a empresa.

Artigo 99º.-Actividade inspectora en materia de comercio.

1. A actividade inspectora en materia de comercio realizarana as persoas funcionarias do corpo de xestión da Xunta de Galicia (subgrupo A2) adscritas aos correspondentes postos de Inspección de Comercio.

2. Correspóndelle ao funcionariado da Inspección de Comercio a dirección e a execución das accións dirixidas ao cumprimento das funcións establecidas no artigo 96º desta lei.

Artigo 100º.-Persoal da Inspección de Comercio.

1. No exercicio das funcións inspectoras, o funcionariado da Inspección de Comercio terá carácter de autoridade e, sen prexuízo da dependencia orgánica e funcional da autoridade administrativa correspondente, actuará con total independencia e con estrita suxeición ao principio de imparcialidade.

2. O funcionariado da Inspección de Comercio estará obrigado a se identificar como tal no exercicio das súas funcións e, cando lle sexa solicitado, a exhibir as credenciais da súa condición.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable naqueles casos nos que a finalidade da inspección se poida frustrar por tal motivo, sempre que o labor inspector se realice en lugares de acceso público.

3. A actuación inspectora terá, en todo caso, carácter confidencial e o persoal inspector estará obrigado, de forma estrita, a cumprir o deber de segredo profesional.

Artigo 101º.-Actuación das persoas inspectoras.

1. A Inspección de Comercio levará a cabo a súa actuación mediante:

a) As visitas aos establecementos comerciais obxecto da inspección.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) O requirimento para que as persoas responsables das actividades comerciais comparezan en persoa na administración e acheguen cantos datos sexan precisos para realizar a función inspectora, nos termos previstos nos artigos 39º e 40º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) Os medios de investigación que considere oportunos.

2. De cada visita de inspección levantarase acta, que reflectirá as actuacións de investigación e comprobación realizadas e os seus resultados. As actas de inspección teñen natureza de documento público e terán valor probatorio dos feitos que motivasen a súa formalización, agás que se acredite o contrario.

3. O procedemento de inspección e mais o contido das actas de inspección determinaranse regulamentariamente.

CAPÍTULO II INFRACCIÓNS

Artigo 102º.-Concepto e clases.

1. Sen prexuízo das responsabilidades que doutra orde poidan derivar, constitúen infraccións administrativas en materia de ordenación da actividade comercial, así como das institucións e actividades feirais, as accións ou as omisións tipificadas nesta lei, as cales serán obxecto de sancións administrativas logo da instrución do correspondente procedemento sancionador.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 103º.-Responsabilidade.

Son responsables polas infraccións tipificadas nesta lei as persoas físicas ou xurídicas titulares das empresas, dos establecementos e das actividades comerciais das que se trate.

Artigo 104º.-Infraccións leves.

Terán a consideración de infraccións leves:

a) As simples inobservancias das disposicións establecidas nesta lei que non teñan repercusións económicas nin prexuízo para as persoas consumidoras.

b) Non exhibir a necesaria autorización, homologación ou comunicación na forma legal ou regulamentariamente establecida.

c) En xeral, incumprir as obrigas establecidas nesta lei que non sexan obxecto de sanción específica.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Artigo 105º.-Infraccións graves.

Terán a consideración de infraccións graves:

a) En relación co exercicio da actividade comercial:

1º) Exercer unha actividade comercial sen previa autorización no caso de que esta sexa preceptiva, ou sen realizar a comunicación en prazo ao Rexistro Galego de Comercio, ou non realizar as comunicacións ou notificacións á Administración comercial exixidas pola normativa vixente, ou incumprir os requisitos establecidos no artigo 5º ou incorrer nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 6º.

2º) Exercer de xeito simultáneo nun mesmo establecemento actividades comerciais por xunto e polo miúdo sen mantelas debidamente diferenciadas ou sen respectar as normas específicas aplicables a cada unha destas modalidades de distribución.

3º) Realizar vendas á perda, con excepción das autorizadas por esta lei, e incumprir as normas sobre facturas que recolle o artigo 12º.

4º) Exercer a actividade de venda fóra dun establecemento comercial con incumprimento do disposto no artigo 22º.

b) En canto ás actividades comerciais de promoción de vendas:

1º) Utilizar as denominacións recollidas no artigo 36º.2, ou outras semellantes, para anunciar vendas que non respondan ao correspondente concepto legal ou que xeren confusión con outra distinta, así como non observar as características legais definidoras de cada unha delas.

2º) Vender artigos defectuosos, agás na venda en saldos.

3º) Vender artigos ou produtos baixo a denominación de saldos cando aqueles non se axusten ao establecido nesta lei e cando os artigos en saldo non se encontren debidamente separados do resto dos produtos non saldados.

4º) Incumprir o preceptuado no artigo 40º.1, en canto á prohibición de simultanear a venda en rebaixas con outras vendas promocionais.

5º) Realizar a venda en rebaixas, en liquidación ou con desconto de artigos adquiridos expresamente con tal finalidade.

6º) Incumprir o disposto nesta lei para a venda en rebaixas.

7º) Falsear, nas vendas promocionais, a publicidade da súa oferta.

8º) Incumprir o réxime establecido sobre entrega e troco dos obsequios promocionais.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

9º) Modificar durante o período de duración da oferta de vendas con obsequio o prezo ou a calidade do produto.

10º) Vender baixo o anuncio de venda en liquidación ou realizar a liquidación que non responda ao establecido nesta lei e a venda efectuada sen a comunicación previa esixida.

c) No que atinxe ás modalidades e ás prácticas especiais de venda:

1º) Realizar vendas a distancia con incumprimento das condicións e das limitacións que para as devanditas vendas establece esta lei.

2º) Anunciar vendas como directas de fabricante ou do comerciante por xunto con incumprimento do preceptuado por esta lei.

3º) Incumprir o réxime establecido legalmente para as vendas domiciliarias.

4º) Incumprir o disposto no artigo 69º respecto da recuperación do importe na venda realizada a través de mecanismos ou máquinas de venda.

5º) Incumprir a prohibición de venda realizada polo procedemento chamado «en cadea ou piramidal », de acordo co establecido no artigo 90º desta lei.

6º) Incumprir os requisitos legais para a venda en poxa pública.

d) No tocante á venda ambulante ou non sedentaria:

1º) Practicar a venda fóra dos perímetros e/ou dos lugares autorizados ou con transgresión dos días e dos horarios establecidos.

2º) Practicar a venda calquera persoa non autorizada ou comerciantes que incumpran os requisitos establecidos nesta lei, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.

3º) Practicar a venda en lugares que non reúnan as condicións establecidas nesta lei, nos regulamentos ou nas ordenanzas reguladoras.

e) Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades ou o seu funcionariado e axentes da Administración comercial no exercicio das súas funcións de comprobación e mais a subministración de información inexacta ou incompleta.

f) Incumprir as disposicións administrativas relativas á prohibición de comercializar ou distribuír determinados produtos.

g) Exixir prezos superiores a aqueles que fosen obxecto de fixación administrativa.

h) Incumprir os prazos máximos de pagamento que establece a alínea 3 do artigo 15º, así como non entregaren as persoas comerciantes ás súas persoas provedoras un documento

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

que leve aparellada a execución cambiaria, e faltar a entrega dun efecto endosable á orde nos supostos e nos prazos previstos na alínea 4 do artigo 15º.

i) Incumprir por parte de quen outorgue o contrato de franquía a obriga de comunicación do inicio da actividade ao rexistro previsto no artigo 92º.2 no prazo ao que se refire ese precepto, así como non actualizar os datos que con carácter anual deban realizar.

j) Non deixar constancia documental da data de entrega de mercadorías polos provedores ou falsear este dato.

k) Cursar información errónea ou claramente insuficiente cando esta se solicitase de conformidade coa normativa aplicable e teña carácter esencial, se xeren graves danos ou exista intencionalidade.

l) Reincidir na comisión de infraccións leves.

Artigo 106º.-Infraccións moi graves.

Terán a consideración de infraccións moi graves:

a) Exercer actividades comerciais en establecementos comerciais individuais ou colectivos que non obtivesen a autorización autonómica á que se refire o artigo 29º cando esta sexa preceptiva.

b) Negarse ou resistirse a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades e os seus axentes no exercicio das súas funcións de inspección, cando se efectuar a través de violencia física ou verbal ou calquera outra forma de presión.

c) Cometer as infraccións cualificadas como graves, sempre que supuxesen unha facturación, afectada pola infracción, superior a un millón de euros.

d) Reincidir na comisión de infraccións graves.

Artigo 107º.-Reincidencia.

1. Entenderase por reincidencia a comisión, no período dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

2. Malia o sinalado na alínea anterior, para cualificar unha infracción como moi grave só se atenderá á reincidencia en infraccións graves, e a reincidencia en infraccións leves só determinará que unha infracción deste tipo sexa cualificada como grave cando se incorrese en máis de dúas infraccións de carácter leve, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 108º.-Prescrición das infraccións.

As infraccións reguladas nesta lei prescribirán aos tres anos as cualificadas de moi graves, aos dous anos as cualificadas de graves e aos seis meses as cualificadas de leves.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Estes prazos contaranse a partir da realización do acto sancionable ou do remate do período de comisión de se tratar de infraccións continuadas.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador. O prazo de prescrición volverá correr no caso de que o expediente sancionador estea paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa presuntamente infractora.

CAPÍTULO III SANCIÓNS

Artigo 109º.-Tipoloxía das sancións.

1. As infraccións sinaladas nesta lei darán lugar ás seguintes sancións:

a) Apercibimento á persoa infractora.

b) Multa.

c) Incautación e perda da mercadoría.

d) Pechamento do establecemento ou suspensión da actividade comercial da que se trate por prazo non superior a un ano.

2. Non terá carácter de sanción a clausura ou o pechamento de establecementos que non conten coas autorizacións preceptivas ou a suspensión do seu funcionamento durante o tempo preciso para a súa regularización. Tales medidas acordaraas o Consello da Xunta de Galicia por proposta da consellaría competente en materia de comercio. Tampouco terán carácter sancionador as multas coercitivas que eventualmente se puidesen impoñer, de conformidade co previsto nesta lei.

Artigo 110º.-Contía das multas.

1. As infraccións desta lei serán sancionadas con multa cuxa contía se establecerá coa seguinte gradación:

a) As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou multa de ata 1.500 euros.

b) As infraccións graves, con multa de 1.501 ata 50.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa de 50.001 ata 1.000.000 de euros.

2. A Xunta de Galicia, mediante un decreto, poderá actualizar o importe das sancións previstas na alínea anterior en función das variacións que experimentase o índice de prezos ao consumo.

Artigo 111º.-Sancións accesorias.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. A autoridade a quen lle corresponda a resolución do expediente poderá acordar, como sanción accesoria, o comiso da mercadoría adulterada, falsificada, fraudulenta, non identificada ou que poida supoñer un risco para as persoas consumidoras, que deberá destruírse no caso da súa utilización ou consumo constituír un perigo para a saúde pública. Será, en todo caso, o órgano sancionador o que deba determinar o destino final que se lles debe dar ás mercadorías comisadas en cada circunstancia. Os gastos que deriven das operacións de intervención, depósito, comiso, transporte e destrución da mercadoría serán por conta da persoa infractora.

2. O Consello da Xunta de Galicia poderá acordar, no suposto de infraccións moi graves que supuxeren un grave risco para a saúde, grave prexuízo económico ou tiveren unha gran transcendencia social, o pechamento temporal da empresa ou do establecemento infractor por un prazo non superior a un ano.

3. A autoridade á que lle corresponda a resolución do expediente ordenará o pechamento do establecemento e o cesamento da actividade de grandes establecementos que realizasen actividade comercial sen a pertinente autorización comercial ou contra os termos expresados nesta, con independencia da multa que lles poida corresponder por tales feitos.

Artigo 112º.-Gradación das sancións.

1. As sancións graduaranse tendo en conta os seguintes factores:

a) A transcendencia social da infracción.

b) A natureza dos prexuízos causados.

c) O volume da facturación á que afecta.

d) O grao de voluntariedade ou a intencionalidade da persoa infractora.

e) A contía do beneficio obtido.

f) A capacidade ou a solvencia económica da empresa.

g) O prazo de tempo durante o que se viñese cometendo a infracción.

h) A reincidencia.

2. Cando o beneficio que resulte dunha infracción sexa superior á sanción que lle corresponda, esta poderase incrementar na contía equivalente ao beneficio obtido.

3. Regulamentariamente poderán introducirse especificacións ou gradacións ao cadro de infraccións ou sancións establecidas nesta lei que, sen constituíren novas infraccións e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

sancións, nin alteraren a natureza ou os límites das que considera a lei, contribúan á máis correcta identificación dos tipos de infracción ou a unha máis precisa determinación das sancións correspondentes.

Artigo 113º.-Órganos competentes para a imposición das sancións.

1. A competencia para iniciar os procedementos sancionadores derivados das infraccións tipificadas nesta lei corresponderalle a quen posúa a titularidade das respectivas xefaturas territoriais da consellaría competente en materia de comercio.

2. Porén, a devandita competencia corresponderalle á dirección xeral competente en materia de comercio no caso de infraccións administrativas que afecten o ámbito territorial de dúas ou máis provincias da Comunidade Autónoma galega.

3. A competencia para a resolución dos expedientes sancionadores corresponderalles:

a) Nos supostos de infraccións moi graves, ao Consello da Xunta de Galicia.

b) Nos supostos de infraccións graves, a quen desempeñe a titularidade da consellaría competente en materia de comercio.

c) Nos supostos de infraccións leves, á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellaría competente en materia de comercio, cando afecten unicamente o seu respectivo ámbito territorial, e á persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio nos casos de infraccións que afecten o ámbito territorial de dúas ou máis provincias do territorio galego.

4. As infraccións tipificadas no artigo 105º.a).1), no que atinxe á licenza municipal de apertura, e na alínea d) do mesmo precepto, relativo á venda ambulante ou non sedentaria, sancionaranas as persoas titulares das alcaldías, de conformidade co previsto nesta lei.

Artigo 114º.-Procedemento sancionador.

1. O procedemento sancionador en materia de comercio interior substanciarase, no non previsto nesta lei, consonte o disposto na normativa reguladora para o exercicio da potestade sancionadora pola administración da Xunta de Galicia, debéndose respectar os principios contidos na lexislación xeral correspondente ao réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O procedemento sancionador en materia de comercio iniciarase como consecuencia de calquera das actuacións seguintes:

a) Pola propia iniciativa do órgano competente en materia de comercio cando, por calquera medio, teña coñecemento dunha presunta infracción.

b) Por orde do órgano superior xerárquico.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) Por pedimento razoado da autoridade ou do órgano administrativo que teña coñecemento dunha presunta infracción.

d) Por denuncia de calquera persoa en cumprimento ou non dunha obriga legal.

3. Con carácter previo á incoación do procedemento, a autoridade competente poderá realizar actuacións co obxecto de determinar a concorrencia das circunstancias que xustifiquen, de ser o caso, a iniciación do procedemento sancionador.

4. O prazo para resolver os procedementos sancionadores en materia de comercio é dun ano, contado desde a data da súa incoación. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución, producirase a caducidade do procedemento sancionador. No caso de que a infracción non prescribise, deberase iniciar un novo procedemento sancionador.

Artigo 115º.-Medidas cautelares.

1. O órgano competente para a incoación do procedemento sancionador poderá acordar en calquera momento do procedemento, mediante resolución motivada e con audiencia previa da persoa interesada, a adopción das medidas preventivas adecuadas para asegurar a eficacia da resolución que, de ser o caso, poida recaer, así como cando concorran circunstancias graves que afecten a seguridade das persoas ou dos bens, ou que supoñan un prexuízo grave ou de difícil reparación.

2. Estas medidas cautelares, que non terán o carácter de sanción, poderán consistir na clausura ou no pechamento de establecementos ou instalacións comerciais ou na suspensión de actividades comerciais, así como na inmobilización de mercadorías. Tales medidas serán sempre proporcionadas aos obxectivos que se pretendan garantir coa súa adopción.

3. Poderase acordar, de forma motivada e logo da audiencia da persoa interesada, a paralización das obras cando non se concedese a autorización autonómica regulada no capítulo III do título II desta lei nos supostos nos que esta resulte precisa.

4. Estas medidas poderanse manter durante o tempo preciso ata a rectificación dos defectos detectados e como máximo ata a resolución do procedemento.

5. Con anterioridade ao inicio do procedemento sancionador, o órgano competente, de oficio ou por instancia de parte, nos casos de urxencia e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas que procedan por razóns de seguranza. Tales medidas haberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á súa adopción.

En todo caso, as medidas adoptadas quedarán sen efecto no caso de non se iniciar o procedemento no devandito prazo ou se o acordo de iniciación non se pronunciase expresamente sobre tales medidas.

Artigo 116º.-Multas coercitivas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. O órgano competente para sancionar poderá acordar a imposición de multas coercitivas, consonte o disposto no artigo 99º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha destas multas non poderá superar os seguintes límites:

a) Nas infraccións leves e graves, o dez por cento da sanción establecida.

b) Nas infraccións moi graves, o vinte por cento da sanción establecida.

2. O anteriormente disposto seralle aplicable á clausura ou ao pechamento de establecemento previsto na alínea 2 do artigo 109º desta lei.

Artigo 117º.-Publicidade e execución das sancións.

1. Sempre que concorra algunha das circunstancias de risco para a saúde ou a seguranza das persoas consumidoras ou reincidencia en infraccións de natureza análoga, a autoridade que resolva o procedemento sancionador poderá acordar a publicación, con cargo á persoa infractora e unha vez acadada a firmeza da resolución en vía administrativa, das sancións impostas como consecuencia do establecido nesta lei, así como os nomes, os apelidos, a denominación ou a razón social das persoas responsables e a índole ou a natureza das infraccións, no Diario Oficial de Galicia e a súa difusión a través dos medios de comunicación social que se consideraren oportunos.

2. As resolucións sancionadoras que poñan fin á vía administrativa serán inmediatamente executivas.

3. Todas as administracións públicas competentes na materia prestarán a debida colaboración para facer efectiva a exacta execución das sancións.

Disposicións transitorias

Primeira.-Solicitudes de autorización en tramitación.

1. As solicitudes de autorización comercial autonómica que estean en tramitación á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación conforme o procedemento establecido na normativa vixente ao tempo da solicitude.

2. As licenzas de obras e de actividade que á entrada en vigor desta lei estean en tramitación nos concellos e correspondan a establecementos comerciais que consonte o artigo 29º desta lei precisen a obtención de autorización comercial autonómica quedarán en suspenso en tanto no se obteña a devandita autorización.

Segunda.-Autorizacións para o exercicio da venda ambulante pendentes de resolución.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Aqueles concellos que, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, iniciasen un procedemento para o outorgamento de autorizacións para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria deberán resolvelo aplicando as disposicións vixentes no momento de se presentar a solicitude.

Disposición derrogatoria

Única.-Derrogación da Lei 10/1988, do Decreto 194/2001 e do artigo 1º.2 da Lei 1/1996.

Á entrada en vigor desta lei quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nela. En particular:

a) A Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, modificada pola Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, e pola Lei 7 /2009, do 22 de decembro.

b) O Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante, modificado polo Decreto 171/2002, do 25 de abril.

c) O artigo 1º.2 da Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento regulamentario.

Autorízase o Goberno galego para ditar as normas precisas de desenvolvemento e aplicación desta lei.

Segunda.-Modificación da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

Un.-Modifícase o artigo 40º da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 40º.-Recurso cameral permanente: obriga de pagamento, devengo, recadación e afectación.

1. No referente á obriga de pagamento e devengo, así como para a recadación e, en xeral, para os demais extremos relativos ao recurso cameral permanente, haberá que aterse ao disposto na Lei 3/1993, do 22 de marzo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Unha terceira parte da exacción que recae sobre as cotas do imposto de sociedades estará afectada polo cumprimento das funcións que esta lei lle atribúe á cámara en materia de formación, innovación, competitividade e desenvolvemento empresarial».

Dous.-Modifícase o artigo 52º, punto terceiro, da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, que pasará a ter a seguinte redacción:

«-Catro vogais consultores elixidos polos demais membros do pleno de entre persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos empresariais de Galicia.»

Tres.-Modifícase o artigo 53º da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 53º.-Comité executivo.

O Comité Executivo do Consello Galego de Cámaras é o seu órgano de xestión, administración e proposta, e estará composto polas persoas que ocupen a presidencia do consello, a secretaría e cinco membros do pleno elixidos da forma que estableza o regulamento de réxime interior. O presidente ou a presidenta terá voto de calidade no caso de empate.»

Terceira.-Modificación da Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia.

Modifícase o capítulo II da Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia, que pasará a ter a seguinte redacción:

«CAPÍTULO II CONCEPTO E CLASIFICACIÓN

Artigo 3º.-Concepto e clasificación.

1. Considéranse actividades feirais, para os efectos desta lei, as manifestacións comerciais que teñen por obxecto a exposición, a difusión e a promoción comercial de bens e/ou servizos, fomentar contactos e intercambios comerciais e mais achegar a oferta dos distintos sectores da actividade económica á demanda, sempre que teñan unha duración limitada no tempo e reúnan unha pluralidade de expositores.

En virtude das características da oferta exhibida, poderase practicar a venda directa con retirada de mercadoría, tras a autorización expresa da dirección xeral competente en materia de comercio.

2. As actividades feirais clasifícanse en:

a) Por razón da súa periodicidade: en feiras de carácter periódico e exposicións de carácter non periódico.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Por razón da oferta exhibida: en multisectoriais, aquelas feiras ou exposicións nas que se exhiba unha oferta representativa de distintos sectores da actividade económica, e en monográficas ou salóns, respecto das cales a oferta se refira a un único sector.

3. Tanto nas feiras coma nas exposicións pódense admitir pedidos e perfeccionar contratos de compravenda».

Cuarta.-Dotacións orzamentarias.

A constitución e a posterior posta en funcionamento do Observatorio do Comercio de Galicia, do Consello Galego de Comercio e da Comisión Consultiva en materia de comercio non xerarán en ningún caso aumento das dotacións orzamentarias da consellaría competente en materia de comercio.

Quinta.-Reserva das competencias do Estado.

1. Os artigos 6º; 10º.1; 11, alíneas 1 e 2; 12º, alíneas 2, 3 e 4; 14º; 15º; 38º.1; 38º.2; 41º.1; 43º.1; 45º; 76º.1; 80º; 82º; 83º; 84º; 92º.1; 105º.a).1); 105º.a).3); 105º.g); 105º.h); 105º.j); 105º.l) e 112º.1 reproducen, respectivamente, os artigos 8º; 13º.1; 10º; 14º, alíneas 2, 3 e 4; 16º; 17º; 24º.1; 28º.1; 30º.1; 31º; 54º, segundo parágrafo; 57º; 59º; 60º; 61º; 62º.1; 65º.1.a); 65º.1.c); 65º.1.b); 65º.1.f); 65º.1.r); 65º.1.s) e 69º da Lei do Estado 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retallista.

2. Calquera modificación dos artigos da lexislación básica que reproduce esta lei implica a modificación, nos mesmos termos, dos respectivos artigos.

Sexta.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dezasete de decembro de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.